

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 22 de maio de 2026

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e tres minutos do día 22 de maio do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime*, *Luisa Sánchez Méndez*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *Juan Pablo Castillo Amigo*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Mannuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *María Beatriz del Cerro del Río*, Vicesecretaría Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37132.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 15 de maio do día 2026.

2.37133.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FINANCIAR BENS E SERVIZOS EN EVENTOS OU ACTIVIDADES REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS DE VECIÑAS E VECIÑOS E DE MULLERES RURAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026. (Expte. 2026007081)

Dado que as asociacións veciñais e de mulleres rurais desempeñan un papel esencial na dinamización social, cultural e comunitaria do territorio, contribuíndo á cohesión social, á participación cidadá e á mellora da calidade de vida no medio rural e urbano, evidénciase a importancia de apoiar o desenvolvemento das súas actividades e o mantemento das súas infraestruturas e servizos. Resulta especialmente necesario reforzar aquelas entidades que, pola dispersión territorial, o avellentamento da poboación, a perda de servizos ou a insuficiencia de recursos económicos, atopan dificultades para desenvolver plenamente as súas funcións sociais e comunitarias. Por este motivo, propónse a creación dunha liña de subvencións coa que a Deputación de Pontevedra se comprométese a impulsar e fortalecer a actividade das asociacións veciñais e das asociacións de mulleres rurais, favorecendo a participación cidadá, a igualdade de oportunidades, a conservación das tradicións e o desenvolvemento social e cultural dos concellos da provincia de Pontevedra.



Considerando que, á vista desta necesidade, se confeccionan as bases reguladoras da primeira convocatoria de axudas para financiar bens e servizos en eventos ou actividades realizados por asociacións de veciñas e veciños e de mulleres rurais na provincia de Pontevedra no ano 2026, como medida de fomento para apoiar ás asociacións de veciñas e veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciñas e veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra marco competencial establecido pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, na redacción nos artigos 31 e 36.

Considerando que a finalidade das axudas é continuar promovendo o asociacionismo para fortalecer así o tecido social, a solidariedade e a inclusión na provincia de Pontevedra.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión de axudas destinadas á adquisición de bens para a súa entrega ás persoas participantes nas actividades ou eventos organizados polas entidades beneficiarias na provincia de Pontevedra, así como ao financiamento dos servizos necesarios para a organización e o desenvolvemento dos mesmos.

Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia non competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2026, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2026007081; vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación (CSV: YYWJ2ORD1NOESMHO e MUTQFOZEE06K0P8I), da Secretaría Xeral (CSV: 4HQF7VAW93K3AMVH) e da Intervención Provincial (CSV: XIAM1EUYBEB0AEB5), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as Bases reguladoras da primeira convocatoria de axudas para financiar bens e servizos en eventos ou actividades realizados por asociacións de veciñas e veciños e de mulleres rurais na provincia de Pontevedra no ano 2026, e aprobar o gasto por importe de douscentos mil euros (200.000 €), imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo. Ditas bases e convocatoria apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSV: NSC60ONX9G2L0KEY.



2. Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

“BASES REGULADORAS DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FINANCIAR BENS E SERVIZOS EN EVENTOS OU ACTIVIDADES REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS DE VECIÑAS E VECIÑOS E DE MULLERES RURAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026

As actividades e actuacións desenvolvidas polas asociacións de veciñas e veciños e de mulleres rurais constitúen un instrumento esencial para fomentar a participación cidadá, fortalecer o tecido asociativo local e mellorar a convivencia e a calidade de vida da veciñanza. Así mesmo, estas iniciativas contribúen á dinamización social e económica da contorna na que se levan a cabo, ao xerar un impacto positivo na economía local e favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra apoia a realización de actividades e actuacións promovidas polas asociacións de veciñas e veciños e de mulleres rurais mediante a concesión de axudas consistentes na subministración de bens e na prestación de servizos. A través deste paquete de axudas complétase o procedemento vixente, co obxectivo de garantir o apoio ao desenvolvemento de iniciativas de interese social, comunitario e local na provincia de Pontevedra durante o ano 2026, apostando pola transparencia na xestión deste tipo de axudas e favorecendo a súa asignación en función do interese social das actuacións, de acordo con criterios públicos, obxectivos e previamente establecidos.

Estas axudas están dirixidas a financiar a adquisición de bens entregados ás persoas participantes nas actividades organizadas polas entidades beneficiarias e os servizos necesarios para a correcta organización e desenvolvemento destas actividades. Con iso, búscase garantir infraestruturas e recursos adecuados para as e os organizadores, de modo que poidan levar a cabo iniciativas que favorezan a cohesión social, a mellora da calidade de vida, a participación cidadá e o crecemento sostible das comunidades.

Desde o punto de vista competencial, de acordo co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as deputacións provinciais teñen como competencia propia a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial (artigo 36.1.d). Ademais, de acordo coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, as deputacións teñen como competencias propias o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia (artigo 109.1.d) e a organización de concursos, exposicións e calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación ou acción comunitaria (artigo 118.d).

Ao abeiro do anterior, a Deputación de Pontevedra pon en marcha esta convocatoria para apoiar a realización de actividades e actuacións promovidas polas asociacións de veciñas e veciños e polas asociacións de mulleres rurais na provincia durante o ano 2026, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, baixo os termos e condicións que se detallan nas seguintes:



BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de axudas destinadas á adquisición de bens fungibles necesarios para a organización de actividades e a prestación de servizos, sempre que estes se encontren recollidos na base oitava e non estean financiados por outras liñas de subvención de distintos servizos da Deputación de Pontevedra. Do mesmo xeito, contémpanse axudas para o financiamento dos servizos necesarios para organizar ou desenvolver as ditas actividades ou eventos, dirixidos ás persoas participantes e promovidos polas entidades beneficiarias na provincia de Pontevedra.

Segunda. Finalidade

A finalidade destas axudas, que se tramitarán polo procedemento de concesión directa e mediante convocatoria aberta de carácter anual, é continuar promovendo o asociacionismo para fortalecer así o tecido social, a solidariedade e a inclusión na provincia de Pontevedra.

Terceira. Financiamento

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 2026/942.4590.489.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2026, por un importe total de douscentos mil euros (200.000 €).

Podarán concederse axudas ata esgotar totalmente a dotación prevista nesta convocatoria. De esgotarse o crédito orzamentario, declararase rematado o prazo de vixencia desta mediante un anuncio do órgano competente para aprobar a convocatoria, o cal será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Sede electrónica da Deputación, e non se admitirán as solicitudes presentadas posteriormente.

Cuarta. Beneficiarias

Terán a consideración de beneficiarias das subvencións as asociacións de veciñas e veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciñas e veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra que estean legalmente constituídas e debidamente inscritas no rexistro correspondente e que organicen un evento na provincia de Pontevedra no ano 2026.

As entidades solicitantes declarararán coa solicitude estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Quinta. Actividades subvencionables

Serán subvencionables as actividades abertas á participación da veciñanza, desenvolvidas dentro do ámbito territorial da provincia de Pontevedra entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, de carácter puntual ou de duración determinada (que non excedan os 3 meses de duración), que dispoñan dun programa definido e que respondan a unha finalidade social, participativa, cultural ou de dinamización comunitaria.

Sexta. Tipos de actividades

- *Obradoiros ou accións formativas que promovan a aprendizaxe práctica e a adquisición de coñecementos de interese social e comunitario, coma cursos de formación para mellorar capacidades en ferramentas dixitais, obradoiros de alfabetización dixital centrados en ferramentas de uso diario (WhatsApp, aplicacións bancarias e pagos móbiles) ou trámites en liña, manexo de teléfonos intelixentes ou tabletas, navegación segura pola rede ou obradoiros de videochamadas e comunicación grupal.*



- *Actividades de promoción da saúde ou do benestar nas que se fomenten hábitos de vida saudables e o benestar físico e emocional da comunidade, coma, por exemplo, sesións de exercicio físico, de ximnasia suave ou de mantemento ou aeróbic; sesións de ioga ou pilates comunitario; cursos de cociña saudables; xornadas de mindfulness ou meditación guiada; obradoiros de xestión do estrés e da ansiedade ou aprendizaxe de técnicas de respiración e relaxación; charlas sobre enfermidades crónicas coma a diabetes ou a hipertensión; ou obradoiros de hixiene postural e saúde musculoesquelética.*
- *Cursos básicos de primeiros auxilios e riscos domésticos, con contidos prácticos e teóricos na prevención de accidentes e no recoñecemento de sinais de alerta ante situacións de risco. Obradoiros prácticos e simulación con bonecos que permitan poñer en práctica a manobra de Heimlich, cursos de reanimación cardiopulmonar (RCP), obradoiros de resposta ante accidentes leves (limpeza e vendaxe de feridas, tratamento básico de queimaduras) ou identificación de síntomas que requiran atención médica inmediata, coma accidentes cerebrovasculares.*
- *Actuacións de sensibilización ou dinamización comunitaria en materia de igualdade, medio ambiente, participación cidadá ou memoria colectiva, entre outras, que sirvan para promover os valores da convivencia, respecto e compromiso social e colectivo, coma xornadas de reciclaxe, compostaxe ou separación de residuos, limpeza de espazos comúns ou obradoiros de aforro enerxético ou consumo responsable.*
- *Actividades interxeracionais destinadas a fomentar a convivencia e a cohesión social, que reforcen a unión entre xeracións e a creación de lazos de confianza e colaboración, coma xornadas de voluntariado comunitario, obradoiros de música e danza, clubs de lectura interxeracional ou obradoiros de arte e traballos manuais, entre outros.*

Sétima. Modalidades de axuda

Establécense dúas liñas de financiamento:

- *Liña A: destinada á adquisición de bens funxibles ou elementos non inventariables directamente vinculados á actividade subvencionada.*
- *Liña B: dirixida á contratación de servizos externos necesarios para a organización e o desenvolvemento da actividade subvencionada.*

Admitiranse solicitudes que combinen ambas as liñas de financiamento e diferentes tipoloxías de gasto compatibles entre si, sempre que se correspondan cunha actividade concreta.

No caso da adquisición de bens, estes deberán incorporar o logotipo da Deputación de Pontevedra de forma visible. Para a contratación de servizos, deberá acreditarse a difusión publicitaria da colaboración mediante calquera medio válido, coma publicacións en redes sociais, colocación de pancartas ou outros soportes de visibilidade.

O importe máximo das axudas por cada solicitude será de mil euros (1.000 €).

Oitava. Tipoloxías de gasto subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles realizados polas entidades beneficiarias que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e estean directamente relacionados coa realización desta.



Serán elixibles como subvencionables as seguintes tipoloxías de gasto:

Liña A: Bens subvencionables

- *Material didáctico ou divulgativo directamente vinculado á actividade, coma libros de texto ou fichas educativas ou de actividades, folletos informativos, infografías, carteis informativos etc.*
- *Material fungible necesario para desenvolver a actividade, coma cadernos para anotacións, bolígrafos, material para traballos manuais, luvas de látex ou nitrilo, manequíns de prácticas, recipientes de dun só uso, así como botellas de auga e pequenos aperitivos ofrecidos ás persoas participantes durante a actividade (café e petiscos).*
- *Elementos simbólicos de recoñecemento ás persoas participantes, de escaso valor unitario –inferior a corenta euros (40 €), IVE incluído–, coma diplomas, placas, medallas conmemorativas, trofeos sinxelos ou certificados de participación.*

Todo o material incluído nesta categoría deberá contar co logotipo da Deputación de Pontevedra.

Non serán subvencionables:

- *Bens inventariables.*
- *Equipamento permanente da entidade.*
- *Material promocional para entregar como obsequio (camisetas, gorras, mochilas, chaveiros ou similares).*
- *Gastos de subministracións cun prezo unitario de máis de 500 euros.*
- *Aperitivos ofrecidos ás persoas participantes durante a actividade (café e petiscos), cando superen o 20 % do importe da subvención.*

Liña B: servizos subvencionables (de apoio á organización)

- *Honorarios de profesionais para a impartición de cursos, xornadas formativas, relatorios ou obradoiros, así como a planificación, preparación, adaptación de contidos e accións formativas ou de sensibilización, garantindo a calidade pedagóxica e cumprindo os obxectivos educativos, sociais ou comunitarios.*
- *Servizos técnicos básicos imprescindibles para desenvolver a actividade (son, proxección, apoio técnico), co fin de garantir o correcto funcionamento das accións formativas, obradoiros, xornadas ou actividades comunitarias, así como o apoio técnico necesario para a súa instalación, configuración e supervisión durante a realización da actividade.*
- *Alugueiro puntual de espazos ou medios necesarios para realizar a actividade, coma cadeiras, mesas ou carpas, palcos, tarimas, plataformas ou escenarios.*

Non serán subvencionables:

- *Actuacións musicais, espectáculos ou animacións cando non sexan expresamente unha actividade para a asociación, e en todo caso cando superen o 20 % do importe da subvención.*
- *Servizos de catering, comidas ou restauración adaptados a grandes eventos, cando estes constitúan a actividade principal ou non estean directamente ligados coa actividade que se leve a cabo, e en todo caso cando superen o 20 % do importe da subvención.*
- *Gastos de transporte colectivo, viaxes ou hospedaxe.*
- *Servizos vinculados a excursións ou desprazamentos.*



Outros requisitos e restricións:

- *En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.*
- *Non se considerarán gastos subvencionables aqueles que, ao superar os cen euros (100 €), non se paguen por medio dunha entidade financeira.*
- *Quedan expresamente excluídas as festas gastronómicas e patronais.*
- *Así mesmo, cando se trate de persoas beneficiarias que non conten con contabilidade, tampouco se considerarán subvencionables os gastos que non se paguen por medio dunha entidade financeira, calquera que sexa o importe.*

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e finalizará o 30 de novembro de 2026.

Ningunha entidade interesada poderá presentar máis dunha solicitude ao abeiro desta convocatoria de axudas, aínda que se refira a actuacións distintas. O incumprimento deste punto dará lugar á non admisión das solicitudes presentadas en segundo ou sucesivo lugar.

Décima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

As solicitudes deberán estar debidamente cubertas; nelas especificaranse a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, e deben conter todos os datos da entidade solicitante, que serán os que se empreguen por parte do servizo instrutor en todo o procedemento para os efectos de comunicación e notificación.

Décimo primeira. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- *NIF da persoa xurídica solicitante.*
- *NIF da persoa representante da entidade solicitante.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.



Décimo segunda. Documentación

As entidades solicitantes presentarán, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

1. *Factura dos bens ou dos servizos, no caso de que a actividade subvencionada xa se realizase, ou do orzamento, se esta aínda non se levou a cabo.*
2. *Anexo I. Memoria descritiva da actividade na que se utilizarán os bens ou os servizos que se van subvencionar, asinada electrónicamente pola presidenta ou presidente da entidade solicitante.*

A solicitude presentarse no modelo normalizado anexo a estas bases, na que se incluírá a declaración responsable doutras axudas ou ingresos solicitados ou concedidos para o mesmo gasto ou, no seu caso, da non percepción destes.

A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos achegados. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décimo terceira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente en <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramites:xicnericos>.

Décimo quinta. Procedemento de concesión

O procedemento para outorgar as axudas será o de concesión directa, mediante convocatoria aberta e de carácter anual, en virtude do cal as subvencións poderán concederse conforme as vaian solicitando as persoas ou as entidades interesadas, na contía individualizada que resulte da aplicación dos requisitos e criterios establecidos nestas bases.

A resolución das axudas efectuarase de maneira individualizada a medida que se verifique o cumprimento dos requisitos e das condicións establecidos, dado o carácter non competitivo do procedemento e o importe limitado das subvencións.

Décimo sexta. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Segundo o disposto no artigo 19.3 da LXS e no 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera axuda, patrocinio ou programa para a mesma entidade beneficiaria e a mesma finalidade con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes.

Considerarase motivo de exclusión directa o solapamento de financiación para a mesma actuación cando esta estea financiada por outras liñas de axudas provinciais, tales coma os programas “+Convivencia”, “Provincia activa” ou similares.

Décimo sétima. Instrución do procedemento e resolución

O centro xestor encargado da ordenación e a instrución do procedemento de concesión será o Servizo de Cooperación cos Municipios, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formular a proposta de resolución.

O órgano instrutor, á vista do expediente, formulará a proposta de resolución debidamente motivada para a súa aprobación, na que se identificarán a entidade para a que se propón a subvención, a súa contía, o evento que se vai realizar, a tipoloxía de gasto (ben ou servizo) e as circunstancias en virtude das cales se propón a axuda.



A concesión individualizada das subvencións en cada un dos procedementos corresponderalle ao deputado delegado de Acción Comunitaria, logo da resolución presidencial de delegación de competencias nesta materia (base 16.1.c) de execución do Orzamento.

O prazo para resolver e notificarlle á entidade interesada a resolución do procedemento será de tres (3) meses, contados a partir da data de presentación da solicitude. Así mesmo, a resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas, de conformidade co previsto no artigo 40 da LPACAP.

A resolución de concesión será motivada e incluírá a identificación da entidade beneficiaria (con mención expresa do evento para o cal se lle concede a axuda), a contía desta e as obrigas que lle corresponden á entidade beneficiaria, entre elas, a de cumprir as mencións de publicidade e identidade.

Décimo oitava. Procedemento de xustificación e pago

Para o pago da subvención, as entidades beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lles conceden. O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 31 de xaneiro de 2027.

As entidades beneficiarias deberán achegar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos. Para iso, presentarán a seguinte documentación a través da Sede electrónica:

- *Modelo normalizado de achega de documentación xustificativa.*
- *Factura con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe dos bens ou servizos da concesión.*
- *Xustificante do pagamento.*
- *Documento no que se xustifiquen a publicidade e a difusión da subvención. No caso dos bens, deberá incluírse o logotipo da Deputación; no dos servizos, a publicidade levada a cabo acreditarase por calquera outro medio (publicación en redes sociais, pancartas...).*

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- *No caso de que a entidade beneficiaria xustificase gastos por un importe inferior ao orzamento inicialmente presentado, pero suficientes para amparar o importe da subvención concedida de acordo con estas bases, non procederá redución ningunha. Pola contra, se a xustificación achegada non acadase o importe mínimo necesario para xustificar a totalidade da subvención concedida, aboarase unicamente a parte proporcional correspondente aos gastos debidamente xustificadas.*
- *Declararase calquera outra axuda concedida por outros organismos públicos ou privados. No caso de que, coa suma da subvención concedida e dos ingresos doutras subvencións ou axudas, as entidades superasen o custo da finalidade subvencionada ou obtivesen beneficios, aboaráselles a parte proporcional da subvención para que non se supere o custo da actividade subvencionada.*
- *As entidades solicitantes deberán declarar responsablemente que a actividade para a cal solicitan subvención non foi nin será obxecto de financiamento por outro programa específico da Deputación no mesmo exercicio.*
- *Os gastos incluídos na conta xustificativa deberán pagárselles ás súas e aos seus provedores antes de presentar a xustificación da subvención.*
- *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deberán empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos,*



transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pago en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de cen euros (100 €) — ou para todos os gastos, independentemente do seu importe, no caso de entidades que non leven contabilidade— implicará que este se considere non subvencionable.

- Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cooperación cos Municipios requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. Se a entidade interesada non atendese o requirimento nese prazo, entenderase que renuncia á subvención, e dítarase a resolución de perda do dereito ao cobro, que se lle notificará á entidade beneficiaria.

O pago das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Para pagar a subvención, as persoas ou entidades beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, circunstancia que declararán expresamente coa presentación da conta xustificativa.

Décimo novena. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias terán que cumprir o seguinte:

- Realizar o evento con suxeición ás circunstancias e aos contidos reflectidos na solicitude.
- Informar de calquera modificación que lles afecte aos datos contidos na solicitude presentada.
- Comunicar, no momento de presentar a solicitude ou en calquera outro posterior ata que se adopte a resolución, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, financien a actividade subvencionada.
- Incorporar, en todo tipo de accións de promoción, información ou publicidade utilizadas para a difusión do evento ou en calquera outro soporte ou medio de difusión, o logotipo da Deputación de Pontevedra, dispoñible no portal institucional ou en <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>.
- Someterse ás actuacións de comprobación que, no seu caso, poida realizar o órgano competente para conceder a axuda, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar tanta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, no seu caso, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo primeira. Protección de datos



Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”

3.37134.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, PARA O FINANCIAMENTO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA NAVE PARA ALMACENAXE PROVISIONAL DE MOBILIARIO PROCEDENTE DO TEATRO CINE-FRAGA DE VIGO E GASTOS ASOCIADOS Ó MESMO. (Expte. 2026024823)

Dada conta do escrito recibido da Secretaria Xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, de data 31/03/2026 (nº Rexistro entrada núm.2026007861), CSV: 0W0DY7B3X1RF6TL0 proponendo á Deputación a subscrición dun convenio de colaboración entre ambas Administracións para asumir o financiamento conxunto dun contrato de arrendamento dunha nave para o almacenaxe temporal dos mobles do Teatro Cine Fraga de Vigo durante as obras de rehabilitación de dito inmovible.

Resultando que a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra adquiriron en réxime de copropiedade nas porcentaxes do 51% e do 49% respectivamente, o emblemático Teatro Cine Fraga, ubicado na mazá situada entre as rúas Isabel II, Uruguay, República Argentina e Avenida de García Barbón de Vigo (Pontevedra), mediante compra á entidade “ABANCA, Corporación Bancaria, S.A.”. Esta operación de compra incluíu, tanto o inmovible, como o mobiliario que formaba parte do mesmo o cal tendo en conta o seu valor histórico e patrimonial e a súa vinculación identitaria co edificio, debe formar parte das instalacións.

Resultando que con motivo das obras de rehabilitación do citado inmovible, foi necesario o traslado dos elementos do mobiliario a unha zona próxima ao edificio, a fin de facilitar posibles accións de restauración, así como de movemento das pezas, acordos ao ritmo e ás esixencias de execución da obra, de modo que aquelas se poidan integrar no inmovible no momento en que sexa preciso.



Resultando que con dito fin, en data 16 de decembro de 2025 formalizouse entre a Xunta de Galicia e a entidade SOLYTOR S.L. un contrato de arrendamento dunha nave propiedade de dita entidade situada no lugar da Casilla, Atios 21, O Porriño (Pontevedra), Referencia catastral: 36039A02900320003HA para a almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro-Cine Fraga. O espazo alugado sitúase na planta alta da citada nave de 2.432,96 m², dos cales se arrendan 1.536,08 m² que inclúe tamén un terreo exterior.

Resultando que o contrato de arrendamento ten unha duración de 5 anos a contar dende a data da sinatura do mesmo, 16 de decembro de 2025. O importe do alugueiro é de 5.000,00 € máis o IVE durante as 6 primeiras mensualidades; a partir da sétima mensuralidade a renda pasará a ser de 5.600,00 € máis IVE. Os importes dos consumos de auga, recollida de lixo e subministración de enerxía eléctrica e calquera outro servizo con que conte o inmovible alugado que se individualice mediante aparatos contadores son a conta da arrendataria.

Resultando que en data 01/04/2026 o Deputado delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación dita providencia de inicio do expediente para a aprobación e formalización de dito convenio de colaboración entre a Deputación e a Xunta de Galicia (CSV: B2WTU1Z1TA7UOYTD).

Resultando que o convenio proposto establece o financiamento conxunto do citado contrato de arrendamento da nave para o almacenaxe temporal dos mobles do Teatro Cine Fraga de Vigo nas respectivas porcentaxes de copropiedade do inmovible de acordo ó seguinte detalle:

1. Gastos aluguer :

Anualidade	Nº meses	GASTOS ALUGUER				FINANCIAMENTO	
		Prezo/mes	Importe anual	IVE	TOTAL	XUNTA (51%)	DEPUTACION (49%)
2025	0,5	5.000,00 €	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €	1.542,75 €	1.482,25 €
2026	5,5	5.000,00 €	63.900,00 €	13.419,00 €	77.319,00 €	39.432,69 €	37.886,31 €
	6,5	5.600,00 €					
2027	12	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	41.469,12 €	39.842,88 €
2028	12	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	41.469,12 €	39.842,88 €
2029	12	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	41.469,12 €	39.842,88 €
2030	11,5	5.600,00 €	64.400,00 €	13.524,00 €	77.924,00 €	39.741,24 €	38.182,76 €
TOTAIS (2025-2030)			332.400,00 €	69.804,00 €	402.204,00 €	205.124,04 €	197.079,96 €



2. Gastos subministrados :

Anualidade	Nº meses	GASTOS SUBMINISTRADOS				FINANCIAMENTO	
		electricidade	auga	Outros	TOTAL	XUNTA (51%)	DEPUTACION (49%)
2025	0,5	83,33 €	20,83 €	62,50 €	166,67 €	85,00 €	81,67 €
2026	12	2.000,00 €	500,00 €	1.500,00 €	4.000,00 €	2.040,00 €	1.960,00 €
2027	12	2.000,00 €	500,00 €	1.500,00 €	4.000,00 €	2.040,00 €	1.960,00 €
2028	12	2.000,00 €	500,00 €	1.500,00 €	4.000,00 €	2.040,00 €	1.960,00 €
2029	12	2.000,00 €	500,00 €	1.500,00 €	4.000,00 €	2.040,00 €	1.960,00 €
2030	11,5	1.916,67 €	479,17 €	1.437,50 €	3.833,33 €	1.955,00 €	1.878,33 €
TOTAIS (2025-2030)		10.000,00 €	2.500,00 €	7.500,00 €	20.000,00 €	10.200,00 €	9.800,00 €

Resultando que o financiamento da Deputación no convenio e a súa distribución por anualidades é a seguinte:

Concepto	Importe Deputación (49%)	ANUALIDADES					
		2025	2026	2027	2028	2029	2030
Aluguer	197.079,96 €	1.482,25 €	37.886,31 €	39.842,88 €	39.842,88 €	39.842,88 €	38.182,76 €
electricidade	4.900,00 €	40,83 €	980,00 €	980,00 €	980,00 €	980,00 €	939,17 €
Auga	1.225,00 €	10,21 €	245,00 €	245,00 €	245,00 €	245,00 €	234,79 €
Outros gastos	3.675,00 €	30,63 €	735,00 €	735,00 €	735,00 €	735,00 €	704,38 €
Total Deputación	206.879,96 €	1.563,92 €	39.846,31 €	41.802,88 €	41.802,88 €	41.802,88 €	40.061,09 €

Considerando.- O informe xurídico emitido sobre o convenio de data 08/04/2026 (CSV: 8N67V99FUKFRN68H) que conclúe que resulta legalmente factible a subscripción do convenio, e o informe da Secretaría Xeral de data 23/04/2026 (CSV: 0CV4SBA56HAQ1LO2).

Considerando.- O informe da Intervención de data 14/05/2026 (CSV: W5FLUK5QJ8D8L4VV) que informa favorable o expediente coas observación e recomendación expostas.

Considerando.- De conformidade co artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; e o establecido na base 16ª.2a) de execución do orzamento provincial para 2026 que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o gasto por importe total de 206.879,96 € para facer fronte as obrigas derivadas do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, para o financiamento conxunto do contrato de arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro Cine-Fraga de Vigo conforme ó seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO	Importe Deputación (49%)	Anualidades				
		2026 ⁽¹⁾	2027	2028	2029	2030
Aluguer	197.079,96 €	39.368,56 €	39.842,88 €	39.842,88 €	39.842,88 €	38.182,76 €
electricidade	4.900,00 €	1.020,83 €	980,00 €	980,00 €	980,00 €	939,17 €
Auga	1.225,00 €	255,21 €	245,00 €	245,00 €	245,00 €	234,79 €
Outros gastos	3.675,00 €	765,63 €	735,00 €	735,00 €	735,00 €	704,38 €
Total Deputación	206.879,96 €	41.410,23 €	41.802,88 €	41.802,88 €	41.802,88 €	40.061,09 €

⁽¹⁾ Os gastos correspondentes ó aluguer e subministrados do mes de decembro 2025 incorpóranse na anualidade 2026

Os gastos imputaranse ás seguintes aplicacións orzamentarias:

CONCEPTO	IMPORTE Deputación (49%)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
Aluguer	197.079,96 €	922.3340.202.00
electricidade	4.900,00 €	922.3340.221.00
Auga	1.225,00 €	922.3340.221.01
Outros gastos	3.675,00 €	922.3340.226.99
TOTAL DEPUTACIÓN (49%)	206.879,96 €	



2. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, para o financiamento conxunto do contrato de arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro Cine-Fraga de Vigo (CSV: 02L5CVW1Z1VMCA5T) co seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA O FINANCIAMENTO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA NAVE PARA ALMACENAXE PROVISIONAL DE MOBILIARIO PROCEDENTE DO TEATRO CINE-FRAGA E GASTOS ASOCIADOS.

REUNIDOS

Dunha parte a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e no seu nome e representación D. José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra parte a Deputación Provincial de Pontevedra, e no seu nome e representación D. Luís López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do nomeamento efectuado en sesión plenaria constitutiva de data 6 de xullo de 2023, e polas competencias que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos concordantes da Lei 8/1997, do 22 de xullo, das Administracións Locais de Galicia.

Actúa don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Segundo o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude configúrase como o departamento superior da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de promoción e difusión da cultura e a protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, e na demais normativa que sexa de aplicación.

Por outra banda a Deputación Provincial de Pontevedra, ten competencia en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social segundo o previsto no art. 36.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local.

No marco destas respectivas competencias e para o cumprimento dos seus fins, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, adquiriron en réxime de copropiedade nas porcentaxes do 51% e do 49% respectivamente, o emblemático Teatro Cine Fraga, ubicado na mazá situada entre as rúas Isabel II, Uruguay, República Argentina e Avenida de García Barbón de Vigo (Pontevedra), mediante compra á entidade “ABANCA, Corporación Bancaria, S.A.”.



Dita operación de compra do inmovible foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia en sesión do 23 de setembro de 2024, e polo Pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do 27 de setembro de 2024.

En data 17 de xullo de 2025 outorgouse a escritura de compravenda do inmovible ante o Notario D. Manuel Arturo Vidal Rodríguez na cidade de Vigo, co número 1266 do seu protocolo notarial efectuándose no mesmo acto o pago do prezo da venda á parte vendedora, ABANCA, Corporación Bancaria, S.A.”, por parte da Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, nas súas correspondentes porcentaxes de copropiedade.

Con esta adquisición preténdese dotar á cidade de Vigo dun espazo cultural pioneiro, de carácter público, no que poder desenvolver unha actividade cultural diversa e plural.

A operación de compra incluíu, tanto o inmovible, como o mobiliario que formaba parte do mesmo. Este mobiliario, polo seu valor histórico e patrimonial e tendo en conta a vinculación identitaria co edificio, debe formar parte das instalacións.

O edificio adquirido parece manterse nun estado de conservación razoable. Con todo, é preciso levar a cabo unhas obras para asegurar a súa integridade física, a funcionalidade e a adaptación á normativa actual. Está previsto que neste proceso de rehabilitación se integren os distintos elementos de mobiliario que estaban no Teatro Fraga.

Con motivo da próxima adxudicación das obras de rehabilitación do citado inmovible, é necesario o traslado dos elementos do mobiliario dende a nave na que se atopan na cidade de A Coruña a unha zona próxima ao edificio, a fin de facilitar posibles accións de restauración, así como de movemento das pezas, acordes ao ritmo e ás esixencias de execución da obra, de modo que aquelas se poidan integrar no inmovible no momento en que sexa preciso.

Neste senso, tanto a localización do inmovible, en pleno centro urbano na localidade de Vigo, como o volume de mobiliario obxecto de traslado, foron determinantes para concluír a necesidade de contar cunha nave industrial adecuada e suficiente na zona de O Porriño ou arredores. Na medida en que nin a Xunta de Galicia nin a Deputación de Pontevedra contan con inmovibles destas características na citada zona xeográfica, foi preciso levar a cabo a adquisición temporal, en réxime de alugueiro, dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario procedente do Teatro-Cine Fraga.

Por todo isto, para acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, dados os intereses comúns e coincidentes das partes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes asinantes para o financiamento conxunto do contrato de arrendamento dunha nave para almacenaxe provisional de mobiliario e enseres procedentes do Teatro Cine Fraga formalizado na data do 16 de decembro de 2025 entre a Xunta de Galicia e a entidade Solytor, S.L., co fin de establecer as achegas e compromisos correspondentes a cada unha delas.



Segunda. Duración.

O presente convenio terá unha vixencia de catro anos dende a súa sinatura, sen prexuízo da realización dunha ou sucesivas prórrogas por un período adicional total de ata catro anos, que deberán aprobarse previamente polos órganos competentes de ambas Administracións.

Terceira. Localización e características do alugueiro

A nave alugada para almacenaxe provisional de mobiliario e enseres procedente do Teatro Cine Fraga está situada no lugar da Casilla, Atios 21, O Porriño (Pontevedra).

Trátase dunha nave industrial composta de planta baixa e planta alta, cunha superficie constituída total de 3.472,91 m², dos cales corresponden á planta baixa 1.029,95 e á planta primeira 2.432,96, distribuída en diversas estancias apropiadas ao seu uso.

O local alugado pola Xunta de Galicia está ubicado na planta alta citada de 2.432,96 m², dos cales se alugan 1.536,08 m² e inclúe tamén o terreo exterior, terreo de acceso delimitado por un peche exterior con acceso principal polo lado sur e que chega ata a liña que une a prolongación da cara norte do galpón traseiro ata o peche exterior.

A nave consta inscrita no Rexistro da Propiedade de Tui, ao tomo 1111, libro 218, folio 81, como finca rexistral 35.481, Referencia catastral: 36039A02900320003HA.

O contrato de alugueiro terá unha duración de 5 anos a contar dende a data da sinatura do mesmo, é dicir, desde o 16 de decembro de 2025. O importe do alugueiro é de 5.000,00 € máis o IVE durante as 6 primeiras mensualidades; a partir da sétima mensuralidade a renda pasará a ser de 5.600,00 € máis IVE. O alugueiro aboarase por meses vencidos nos sete primeiros días do mes.

Os importes dos consumos de auga, recollida de lixo e subministración de enerxía eléctrica e calquera outro servizo con que conte o inmovible alugado que se individualice mediante aparatos contadores serán de conta da arrendataria.

A renda só poderá ser actualizada polo arrendador na data en que se cumpra cada ano de vixencia do contrato, aplicando á renda correspondente á anualidade anterior, a variación anual do índice de prezos do alugueiro de oficinas, a nivel autonómico, publicado polo INE, nun período de 12 meses inmediatamente anterior á data de cada actualización, tomando como mes ou, no seu defecto, trimestre de referencia para a primeira actualización o que corresponda ao último índice que estivera publicado na data de celebración do contrato, e nas sucesivas o que corresponda ao último aplicado.

En defecto de publicación do índice recollido no parágrafo anterior, aplicarase o índice de prezos de alugueiro da vivenda do índice de Prezos de Consumo, do INE, a nivel provincial vixente á data de cada revisión, tomando como mes de referencia o que corresponda ao último índice que estivera publicado na data de revisión do contrato.

A renda actualizada será esixible a partir do mes seguinte a aquel na que a parte interesada o notifique á outra parte por escrito, tomando como referencia a efectos de cómputo o día da sinatura do contrato, expresando a porcentaxe de alteración aplicada e xuntando, se o arrendatario o esixise, a oportuna certificación do INE.



Cuarta. Importe total do alugueiro, distribución por anualidades e porcentaxes de cofinanciamento:

Detállase na táboa seguinte o importe do alugueiro para duración máxima do contrato (5 anos), a distribución por anualidades e os importes de cofinanciamento do contrato que corresponderían á Xunta de Galicia e Deputación en base ás súas porcentaxes de cotitularidade no Teatro Fraga de Vigo (51% e 49% respectivamente).

Anualidade	nº meses	IMPORTE ALUGUER				FINANCIAMENTO	
		Prezo/mes	Importe anual	IVE	Total	Xunta (51%)	Deputación (49%)
2025	0,5	5.000,00 €	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €	1.542,75 €	1.482,25 €
2026	5,5	5.000,00 €	63.900,00 €	13.419,00 €	77.319,00 €	39.432,69 €	37.886,31 €
	6,5	5.600,00 €					
2027	12	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	41.469,12 €	39.842,88 €
2028	12	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	41.469,12 €	39.842,88 €
2029	12	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	41.469,12 €	39.842,88 €
2030	11,5	5.600,00 €	64.400,00 €	13.524,00 €	77.924,00 €	39.741,24 €	38.182,76 €
TOTALS...			332.400,00 €	69.804,00 €	402.204,00 €	205.124,04 €	197.079,96 €

Quinta. Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude:

Para o cumprimento dos fins deste convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a:

- a) *Tramitar a principios de cada anualidade un documento contable Rct para a súa remisión á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, de xeito que esta Dirección xeral poida tramitar unha ampliación de crédito que lle permita asumir o pagamento das facturas do alugueiro durante a duración do contrato de arrendamento. O importe anual do RC(t) será o recollido na seguinte táboa, sen prexuízo dos incrementos que poidan xurdir pola actualización das rendas, segundo o establecido na cláusula terceira.*

Annualidade	Nº meses	Prezo/mes	Importe	IVE	Total
2025	0,50	5.000,00 €	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €
2026	5,50	5.000,00 €	63.900,00 €	13.419,00 €	77.319,00 €
	6,50	5.600,00 €			
2027	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €
2028	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €
2029	12,00	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €
2030	11,50	5.600,00 €	64.400,00 €	13.524,00 €	77.924,00 €
TOTALS...			332.400,00 €	69.804,00 €	402.204,00 €

O financiamento do documento contable RC(t) será con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.632.3 do orzamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.



- b) Facer fronte ao pago dos gastos de consumos de auga, recollida de lixo e subministración de enerxía eléctrica e calquera outro servizo con que conte o inmovible alugado que se individualice mediante aparatos contadores. A Consellería cuantificará a totalidade dos gastos asumidos polos ditos conceptos e o notificará á Deputación de Pontevedra nos meses de xuño e novembro.

Gasto	Importe estimado máximo anual
Subministro enerxía eléctrica	2.000,00 €
Subministro auga	500,00 €
Outros. Lixo, etc.	1.500,00 €

Estes gastos financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.632.3 do orzamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

- c) Xustificar as achegas a realizar pola Deputación Provincial.

Sexta. Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

A Deputación Provincial de Pontevedra asume as seguintes obrigas:

- a) Transferir á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o importe correspondente á súa porcentaxe na titularidade do Teatro Fraga de Vigo (49%), para facer fronte aos gastos derivados do alugueiro da nave, con cargo á aplicación 922.3340.202.00 dos seus orzamentos, segundo o recollido na seguinte táboa, sen prexuízo dos incrementos que poidan xurdir pola actualización das rendas, segundo o establecido na cláusula terceira. Ditos incrementos serán asumidos automaticamente sen necesidade de tramitación dunha addenda ó presente convenio para a modificación dos importes.

Annualidade Convenio	Período	Nº meses	Prezo/mes	Importe	IVE	Total	Deputación Pontevedra (49%)	
2026 ⁽¹⁾	de 16/12/25 a 15/06/26	6	5.000,00 €	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €	17.787,00 €	
2026	de 16/06/26 a 31/12/26	6,5	5.600,00 €	36.400,00 €	7.644,00 €	44.044,00 €	21.581,56 €	
2027	de 01/01/27 a 31/12/27	12	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	39.842,88 €	
2028	de 01/01/28 a 31/12/28	12	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	39.842,88 €	
2029	de 01/01/29 a 31/12/29	12	5.600,00 €	67.200,00 €	14.112,00 €	81.312,00 €	39.842,88 €	
2030	de 01/01/30 a 15/06/30	5,5	5.600,00 €	30.800,00 €	6.468,00 €	37.268,00 €	18.261,32 €	
2030 ⁽²⁾	de 16/06/30 a 15/12/30	6	5.600,00 €	33.600,00 €	7.056,00 €	40.656,00 €	19.921,44 €	
					332.400,00 €	69.804,00 €	402.204,00 €	197.079,96 €

- (1) Gasto aplicado con carácter retroactivo realizado con anterioridade, desde a data de formalización do contrato de arrendamento (15/12/2025) ata a data de sinatura do convenio.
- (2) Este gasto estímase para o período temporal que supera a vixencia do convenio (4 anos desde a súa sinatura). Dito gasto quedará condicionado á aprobación da primeira prórroga do convenio.



A contía correspondente a cada unha das anualidades será ingresada pola Deputación de Pontevedra no prazo de 30 días dende a data de achega da documentación correspondente.

Transferir á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o importe correspondente á súa porcentaxe na titularidade do inmovible, para facer fronte aos gastos derivados de subministros de auga, recollida de lixo e subministración de enerxía eléctrica e calquera outro servizo indicado no cadro da cláusula terceira letra b) deste convenio con que conte o inmovible alugado que se individualice mediante aparatos contadores, con cargo ás seguintes aplicacións do seu orzamento de gastos:

<i>Gasto</i>	<i>Aplicación</i>
<i>Subministro enerxía eléctrica</i>	<i>922.3340.221.00</i>
<i>Subministro auga</i>	<i>922.3340.221.01</i>
<i>Outros subministros</i>	<i>922.3340.221.99</i>
<i>Gastos diversos</i>	<i>922.3340.226.99</i>

No prazo de 30 días, dende a data de achega da documentación xustificativa correspondente pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Deputación realizará o ingreso.

Os ingresos correspondentes ao alugueiro así como aos gastos derivados de consumos faranse na conta xeral da Xunta de Galicia c/c ES82 2080 0300 8731 1006 3172, indicando o concepto e referencia ao convenio.

Sétima. Réxime de xustificación e pagamentos.

1. Alugueiro da nave.

a) A Deputación Provincial de Pontevedra aboará á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a súa porcentaxe de participación no custo anual estimado do alugueiro mediante pagamento anticipado ao inicio de cada anualidade, previa remisión por parte da Consellería do seguinte documento:

- Informe ou certificado expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia no que se detalle o importe anual estimado do alugueiro correspondente ao exercicio, tendo en conta, se é o caso, as actualizacións de renda previstas no contrato.*
- Para o pagamento das anualidades 2027 e seguintes, xunto co informe ou certificado anterior, deberá remitirse ademais o seguinte documento:*

- Certificado acreditativo do importe total das obrigas recoñecidas e pagadas en concepto de alugueiro correspondente ao exercicio anterior, con desglose por meses.*

Se do certificado correspondente ao exercicio anterior resultase unha diferenza, por exceso ou por defecto, respecto do importe anticipado pola Deputación, procederase á regularización que corresponda, ben mediante minoración do pagamento da anualidade seguinte, ben mediante aboamento complementario.

b) A Deputación efectuará o pagamento no prazo máximo dun mes desde a recepción da documentación xustificativa indicada.

2. Gastos de consumos (electricidade, auga, lixo e outros servizos individualizados):

a) Antes do 31 de xullo de cada ano, a Consellería remitirá á Deputación certificado expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia no que conste o importe das obrigas recoñecidas e pagadas do 1 de xuño do exercicio anterior ata o 31 de maio do exercicio en curso polos conceptos de subministración de electricidade, auga, recollida de lixo e demais servizos individualizados, con desglose por conceptos e meses.



b) *A Deputación procederá ao ingreso da súa porcentaxe no prazo máximo dun mes desde a recepción da documentación xustificativa.*

3. Facultades de comprobación.

En ambos os casos, as facturas e xustificantes de pagamento permanecerán á disposición da Deputación Provincial de Pontevedra, podendo requirirse a súa remisión para efectos de comprobación pola Intervención provincial ou polos órganos de control competentes.

Oitava. Comisión de seguimento.

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, co obxecto de realizar o seguimento das actuacións previstas neste convenio. Esta comisión reunirse cando así o estime oportuno calquera das partes e estará constituída por:

- Presidencia: Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude ou a persoa en quen delegue.*
- Vogais: unha persoa representante da Deputación Provincial de Pontevedra e unha persoa representante da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.*

Novena. Publicidade e rexistro do convenio.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Deputación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima. Causas de resolución e efectos.

Son causas de resolución do presente convenio as sinaladas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, ademais, poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes con seis meses de antelación, e en todo caso cos efectos establecidos no artigo 52 da antedita lei, cando concorran algunha das seguintes causas:

- a) Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.*
- b) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.*
- c) Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.*
- d) Mutuo acordo das partes.*

De acordo co establecido no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o cumprimento e resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo co obxecto de determinar as obrigas e compromisos das partes.

Décimo primeira. Modificación do convenio.

Toda alteración a realizar referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá ser formalizada na correspondente addenda que precisará acordo de todas as partes asinantes, agás o establecido na cláusula oitava.

O incremento de importe derivado dos incrementos que poidan xurdir con motivo da actualización das rendas, segundo o establecido na cláusula segunda deste acordo, non requirirá addenda a este convenio; ditos incrementos corresponderán a ambas partes en proporción á súa porcentaxe na propiedade, e resolverase mediante acordo da comisión de seguimento.



Décimo segunda. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo terceira. Administración dixital.

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo cuarta. Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta. Natureza xurídica e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.



De acordo co artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente este convenio na primeira páxina do convenio”.

3. Facultar ao Sr. Presidente da Deputación para a sinatura do Convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a súa formalización.
4. Ordenar a súa publicación, unha vez formalizado, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no portal de transparencia da Deputación.

4.37135.- APROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026. (Expte 2026001811)

Antecedentes:

Primeiro. A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2026 aprobou as bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2026.

Segundo. As referidas bases publicanse no BOPPO núm. 24 de 05 de febreiro de 2026, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Terceiro. Trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 14/03/2026, a xefatura do Servizo de Cultura, na mesma data, emite actas de valoración respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de persoas beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas polos motivos que se indican.

Cuarto. Con data 15/05/2026 desde Intervención emiten informe de fiscalización favorable que figura no expediente co CSV: A6VZQ44WQRJ47R7I.

Fundamentos:

Primeiro. Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigo 232 no caso de tratarse de Asociacións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o art. 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Cuarto.- Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d) a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.



Quinto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a 7 entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de audiovisuais na provincia de Pontevedra, no ano 2026, por un importe total de 200.000,00 € con cargo á aplicación 26/330.3340.489.05 e que figuran na relación co CSV: YG112JIBM02R9W9Q e que se relacionan a continuación:



Denominación: ENTIDADES PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS
Referencia: CU_A/26
Relación: RELAC/202600024 DE DATA 13/05/2026
Importe relación: 200.000,00 €
Importe concedido: 200.000,00 €
Expedientes relación: 7
Finanzamento:

Aplicación	Descrición	Importe
26/330.3340.489.05	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS	200.000,00 €



ENTIDADES PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS
RELAC/202600024 DE DATA 13/05/2026
CU_A/26

CF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)					
(1) G94146362 ASOCIACION CULTURAL CINEMATOGRAFICA DE GALICIA FICBUEU 2026015608 - 19ª Edición do FICBUEU	138.070,03 €	40.800,00 €	35.273,04 €	189,97	25,55 % Concurrencia competitiva
TOTAL BUEU (1)			35.273,04 €		
CONCELLO DE MARÍN (PONTEVEDRA)					
(2) G26749911 ASOCIACION MARIN DE CINE 2026016240 - MAC Marín - Mostra do Audiovisual e Cinema de Marín	18.000,00 €	9.000,00 €	7.278,53 €	35,20	40,44 % Concurrencia competitiva
TOTAL MARÍN (1)			7.278,53 €		
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)					
(3) G94151610 ASOCIACION CULTURAL E CINEMATOGRAFICA NOVOS CINEMAS 2026014850 - Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Edición 11	123.765,09 €	37.000,00 €	31.479,66 €	169,54	25,44 % Concurrencia competitiva
(4) G36442192 ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA DO PORRIÑO ARELA 2026018219 - XXIII Festival de Cans 2026	185.600,00 €	42.000,00 €	38.238,29 €	205,94	20,60 % Concurrencia competitiva
(6) G94137379 ASOCIACION CURTAS FILM FEST 2026008833 - Curtas Festival do Imaxinario 2026	137.171,16 €	39.000,00 €	26.607,50 €	143,30	19,40 % Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEVEDRA (3)			96.325,45 €		
CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)					
(8) G36466670 ASOC CULTURAL ENFOQUES-TUI 2026009856 - Play-Doc Festival Internacional de Cinema e Documental de Tui. 22 Edición	142.000,00 €	42.500,00 €	36.992,41 €	189,23	26,05 % Concurrencia competitiva
TOTAL TUI (1)			36.992,41 €		
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)					
(7) G27877703 ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS 2026017721 - Galician Freshy Film Festival 2026 #10edición	49.885,96 €	24.930,00 €	24.130,57 €	129,96	48,37 % Concurrencia competitiva
TOTAL VIGO (1)			24.130,57 €		

Pontevedra, 13 de maio de 2026
O/A Xefes/a do Servizo

13/05/2026 14:30:58
Páxina 1 de 1



Segundo.- Excluir desta convocatoria un total de dúas solicitudes que figuran no expediente co CSV: 22WUV1VVYCTKJFRB e que se relacionan a continuación:



Relación de expedientes excluídos da convocatoria CU_A/26: Bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2026:

	Concello	Cód. expediente	DNI/CIF	Terceiro	Asunto	Estado
1	Rosal, O	2026018223	G72444433	GHORGHALADO	VI Mostra de cinema do Rosal	Non reúne os requisitos das bases
2	Vigo	2026018238	G05496351	GHORGHALADO	VI Mostra de cinema do Rosal	Non reúne os requisitos das bases

O xefe do Servizo de Cultura

Asinado dixitalmente á manxa

5.37136.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026. (Expte. 2025080383)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2026, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2026, publicadas no BOPPO núm. 22, de 3 de febreiro de 2026.

A Deputación Provincial, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo e que enriquezan o patrimonio bibliográfico provincial promove esta liña de subvencións destinadas á edición en formato papel, audiovisual ou mixto que se editen en galego normativo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizou de oficio cantas actuacións se estimaron necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, examinando as solicitudes e a documentación presentadas, requirindo ás entidades solicitantes a emenda de defectos ou omisións observadas.

Con data 8 de maio de 2026, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico remite a Intervención a relación de todos os expedientes de solicitude presentados, xunto co informe-proposta de concesión de subvencións, para a súa fiscalización (CSV: RLEAU5VUDP8W5KY5).

Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítese polo Servizo de Intervención, con data 8 de maio de 2026, informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 100.000,00 euros, con cargo á aplicación 26/332.3322.789.00 do vixente Orzamento provincial (CSV: ALEQAIZW BKZ445OM).



Reunida a Comisión de Valoración instituída para tal fin, con data 11 de maio de 2026, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa das características dos traballos presentados e das valoracións efectuadas seguindo os criterios sinalados na base décimo terceira das bases reguladoras da convocatoria. Procédese á revisión e aceptación das valoracións realizadas, admitíndose favorablemente un total de 16 solicitudes presentadas en tempo e forma, que cumpren con cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG).
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2026.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De acordo co disposto no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Deputación de Pontevedra ten entre as súas competencias fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia, que poderá materializarse mediante accións que teñan por obxecto estudar, divulgar, exaltar ou poñer en valor o seu patrimonio cultural material ou inmaterial.



No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establécese que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario.

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Así mesmo, na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, recóllese que as corporacións locais ditarán as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.

No artigo 10 da Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno provincial o 23 de maio de 1989, establécese que, “con carácter xeral, as publicacións editadas pola Deputación, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega”.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1-Aprobar a concesión de subvencións para edicións ás 16 solicitudes que figuran na relación co CSV: OFYJZS0WT89CRNTK que se citan a continuación:

Expediente	NIF/CIF	Terceiro extendido	Obxecto subvención	Presuposto	Importe solicitude	Valoración	Importe asignado	% Orzamento
2026009051	G15075013	ASOC DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACION LINGUISTICA DE GALICIA	Audiovisual documental "30 anos dos premios Lois Peña Novo en Soutomaior"	8.572,00 €	6.000,00 €	77	6.000,00 €	70%
2026014792	G36145290	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EUGENIA DE MOUGAS - OIA	Publicación "O Pío de Mougás e o alimento dos deuses"	5.693,05 €	3.500,00 €	50	3.500,00 €	61,48%
2026015594	G36537231	ASOC CULTURAL O TORREIRO DE FORZANS	Publicación "Historias de pedro e Felissa en Forzáns"	4.991,25 €	3.493,88 €	54	3.493,88 €	70%
2026012133	G36057347	CASINO DE VILLASOBROSO	Publicación e audiovisual "Vilasobroso, un percorrido pola paixase humana e natural"	11.603,90 €	8.000,00 €	50	8.000,00 €	68,94%
2026013573	G36733616	AGRUPACION FOTOGRAFICA GALEGA	Publicación "Maratón fotográfico. XXX Aniversario"	4.150,00 €	2.905,00 €	67	2.905,00 €	70%
2026008107	G36153724	GRUPO DE BAILE ANAQUINOS-REDONDELA	Publicación "Notas sobre instrumentos, música, baile e traxe tradicional galego"	1.942,05 €	1.359,00 €	58	1.359,00 €	69,98%
2026016293	G15400500	COORDINADORA PARA O ESTUDIO DOS MAMIFEROS	Publicación dunha guía Cetáceos "Mamíferos marinos e tartarugas mariñas do Morrazo"	3.142,98 €	2.200,08 €	52	2.200,08 €	70%
2026016335	G94153053	ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL	Publicación e Audiovisual "Tendas tradicionais de Pontevedra: Un Patrimonio Vivo"	11.429,00 €	8.000,00 €	54	8.000,00 €	70%
2026010765	G36166213	CLUB UNION DEPORTIVA RIBERA-O ROSAL	Publicación: "75 aniversario do Club Unión Deportiva Ribeira"	10.783,52 €	3.500,00 €	61	3.500,00 €	32,46%
2026015497	G27877703	ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	Audiovisual "Dona Urraca - A coroa galega"	7.646,93 €	5.350,05 €	60	5.350,05 €	69,96%
2026012859	G75632000	ASOS DE MULLERES RURAIS ENTRE MULLERES	Publicación "Elas"	4.498,00 €	3.148,00 €	57	3.148,00 €	69,99%
2026009409	G36361434	ASOC AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	Publicación da "Guía práctica do medio natural"	5.033,60 €	3.500,00 €	52	3.500,00 €	69,53%
2026010325	G36017952	ASOC SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA CONDADO	Audiovisual "S.C.D. Condado, Historia Viva"	8.600,00 €	6.000,00 €	61	6.000,00 €	69,77%
2026009920	G27836006	ASOC ESPAZO ALICERCES	Edición Mixta: "Mapa de Coia. Barrio con historia"	8.119,10 €	5.683,00 €	76	5.683,00 €	70%
2026011838	G36062081	ASOC DE VECINOS DE CHAPELA-REDONDELA	Publicación "50 anos de veciñanza: Historia e memoria da Asociación de Veciños de Chapela"	2.999,76 €	2.099,83 €	50	2.099,83 €	70%
2026012057	G36040962	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS AGRÍCOLA E CULTURAL SAN TOMÉ DE PARDERRUBIAS	Audiovisual documental "Alcumes: O corazón dunha familia"	4.083,75 €	2.858,63 €	53	2.858,63 €	70%



2-Excluír deste programa as 14 solicitudes que figuran na relación co CSVR0NBOODEKK5VV16X que se citan a continuación:

EXPEDIENTE	CIF	ENTIDADE	ASUNTO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
2026014860	G36209062	Asociación Cultural entre Bambalinas de Moaña	Publicación de 4 textos de dramaturxia actual en galego	Incumprimento da base 5 (ser unha publicación periódica ou volume solto dunha obra completa)
2026012111	G70747472	Asociación se Chove que Chova de Cambados	Edición mixta "Polisemias Sonoras, 2ª Edición"	Incumprimento da base 5 (ser unha publicación periódica ou volume solto dunha obra completa)
2026012104	G36482347	Asociación Galega de Percutas Omar	Edición mixta "A Batucada Galega Vol. IV, O novo patrimonio pontevedrés"	Incumprimento da base 5 (ser unha publicación periódica ou volume solto dunha obra completa)
2026009123	G27745397	Fundación para la Pesca y el Marisqueo	Publicación "O mar a raías. Raspiña, Shu e os tesouros de Rande"	Incumprimento da base 5 (ser unha publicación periódica ou volume solto dunha obra completa)
2026011912	G10760395	Asociación Cultural Mirlotil	Publicación do catálogo XIV Emporcarte "Dígallo con Grelos"	Non encaixa nas bases por ser material de apoio e difusión dun evento promocionado por outra entidade e incumprimento da base 5, ó ser unha publicación periódica
2026011223	G94126422	Fundación Elisa Ábalo	Publicación do catálogo da exposición "Elisa Ábalo: medio século de pintura"	Incumprimento da base 3 (Non estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria)
2026014331	G36637890	Club Montañeiros Celtas	Publicación "Historia do Club Montañeiros Celtas"	Falta de documentación requirida
2026011130	G94180312	Asociación Cultural Artística O Son da Pedra Meiga	Edición mixta: "Diario dun Gaiteiro de Aldea"	Falta de documentación requirida
2026014885	G36196749	Asociación Cultural Unión Musical de Mougás-Baiona	Publicación "145 anos da Banda de Música de Mougás"	Falta de documentación requirida
2026015558	G94020856	Asociación Veciñal, Cultural e Etnográfica San Cibrán	Publicación "Ramón Cabanillas en Mondariz"	Falta de documentación requirida
2026012889	G36337426	Asociación Cultural Foula	Publicación "25 anos moendo a moa"	Non acada a puntuación mínima
2026012130	G36488401	Asociación Cultural Buchabade	Audiovisual de música tradicional: Coribantes na provincia de Pontevedra	Non acada a puntuación mínima
2026013626	G56466410	Asociación Cultural Cantanascroas	Audiovisual "Cantanascroas: Cantos de Taberna da provincia de Pontevedra"	Non acada a puntuación mínima
2026011183	G36410967	Asociación Etnográfica de Codeseda	Publicación "O longo camiño de caseiro a patrón"	Non acada a puntuación mínima

6.37137.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO "REVITALIZACION URBANA DE O BURGO - BAIONA".(Expte. 2026018245)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.



- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial en sesión ordinaria, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de BAIONA que importa 853.251,51 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “REVITALIZACION URBANA DE O BURGO - BAIONA” (exp: 2025072589) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, cun orzamento de 1.137.668,69 euros, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
1.137.668,69€	853.251,51€	0,00€	284.417,18€

- En data 11/03/2026, mediante rexistro WEB2026018831, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de BAIONA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 284.417,18 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2025 do investimento “REVITALIZACION URBANA DE O BURGO - BAIONA” (exp.: 2026018245), cuxo orzamento ascende a 1.137.668,69 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de BAIONA queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención-€- Plan +Provincia 2026-2027	Plan / Programa
2026	1.137.668,69€	284.417,18€	853.251,51€ (Plan Provincia Extraordinaria- PLAN EXTRA 2025)

- O orzamento de 1.137.668,69 euros contempla 1.083.793,44 euros de execución de obra, 44.261,80 euros de honorarios de dirección de obra e execución e 9.613,45 euros de coordinación de seguridade e saúde.
- Consta nos expedientes vinculados ao expediente 2026018245, o proxecto cos seguintes pronunciamentos favorables:
 - ✓ Ditame da Comisión de Expertos (10/03/2026).
 - ✓ Informe da Intervención Provincial (13/03/2026).
 - ✓ Ditame da Comisión Informativa de Cooperación (20/03/2026).
 - ✓ Autorización plenaria mediante acordo núm. 5.8616 (27/03/2026).



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
Non obstante, a concesión queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do investimento subvencionado a acta de trazado previo debidamente cumprimentada, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta tamén no Servizo de Cooperación nos seguintes expedientes:
 - o Exp.: 2025072589 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152.
 - o Exp.: 2025061321 Convocatoria subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os diferentes informes e ditames que avalan o proxecto, así como o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 14/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de BAIONA, CIF: P3600300B, unha subvención por importe de 284.417,18 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria- PLAN EXTRA 2025, do investimento “REVITALIZACION URBANA DE O BURGO - BAIONA” (exp: 2026018245), cuxo orzamento ascende a 1.137.668,69 euros.

O orzamento de 1.137.668,69 euros contempla 1.083.793,44 euros de execución de obra, 44.261,80 euros de honorarios de dirección de obra e execución, 9.613,45 euros de coordinación de seguridade e saúde.

- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a acta de trazado previa debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- A subvención que se concede rexerese polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025 aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024), agás no referido aos prazos de execución e xustificación que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de BAIONA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.37138.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2024 DO INVESTIMENTO “REURBANIZACION DO ENTORNO DE SANTA LIBERATA”.
(Expte:2026018871)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Baiona con destino a financiación da actuación denominada “Reurbanización da contorna de Santa Liberata”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra 2024.
- O custo total da actuación ascendía a 1.393.571,13€ e a subvención concedida a 900.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 493.571,13€.



- Mediante o acordo núm. 3.34932 de 21/03/2025, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1- Investimentos, aprobou a concesión dunha subvención por importe de 493.571,13€ ao Concello, con obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento “Reurbanización da contorna de Santa Liberata” (expediente: 2025005034), polo que a Deputación financiaba a totalidade do investimento:

Orzamento	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2025	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2024	ACHEGAS DOÜTRAS ADMINISTRACIÖNS €
1.393.571,13€	493.571,13€	900.000,00€	0,00€

- En data 27/03/2026 mediante acordo Plenario 10.8621 autorízase o proxecto reformulado presentado polo concello o que supuxo modificar o seu orzamento, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2024	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2025- €	ACHEGA MUNICIPAL
1.490.505,00€	900.000,00€	493.571,13€	96.933,87€

- En data 13/03/2026, mediante rexistro WEB2026019533, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de BAIONA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 96.933,87 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024 do investimento “REURBANIZACION DO ENTORNO DE SANTA LIBERATA” (exp.: 2026018871), cuxo orzamento ascende tras a tramitación do reformulado a 1.490.505,00 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de BAIONA queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
1.490.505,00€	2024	900.000,00€	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024- Exp: 2024076982
	2025	493.571,13€	Plan + Provincia 2025- Exp: 2025005034
	2026	96.933,87€	Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026-Exp: 2026018871

- O orzamento de 1.490.505,00 euros contempla execución de obra unicamente.
- Así mesmo, procede a modificación do acordo de concesión núm. 3.34932 de data 21/03/2025 relativa ao exercicio 2025 para axustar o orzamento da actuación ao novo proxecto autorizado, mantendo invariable a contía da subvención concedida.



- Subliñar que o proxecto conta co informe favorable do persoal facultativo do servizo de cooperación de data 13/04/2026.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación nos seguintes expedientes:
 - o 2024076982 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2024.
 - o 2025005034 do Plan + Provincia 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/04/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 14/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de BAIONA, CIF: P3600300B, unha subvención por importe de 96.933,87 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2024, do investimento “REURBANIZACION DO ENTORNO DE SANTA LIBERATA” (exp: 2026018871)”, cuxo orzamento ascende a 1.490.505,00 euros.
- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.34932 do 21/03/2025 referente a concesión da subvención con cargo ao Plan + Provincia 2025, unicamente aos efectos de axustar o orzamento de referencia ao novo proxecto autorizado polo Pleno, mantendo invariable a contía da subvención concedida para dita anualidade 2025 (é dicir, o orzamento ascende a 1.490.505,00 euros e a subvención mantense en 493.571,13 euros).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- A execución e xustificación do investimento rexerá polas normas do Plan Extra 2024, de acordo co establecido na base nº 25 das reguladoras do Plan Máis Provincia 2026-2027, agás no referido ós prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de BAIONA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



8.37139.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN DA NAVE DA MÚSICA E HUMANIZACIÓN DO ENTORNO”. (Expte. 2026027362)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial en sesión ordinaria, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de BARRO que importa 475.998,04 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “REHABILITACIÓN DA NAVE DA MÚSICA E HUMANIZACIÓN DO ENTORNO” (exp: 2025072596) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, cun orzamento de 559.997,70 euros, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
559.997,70€	475.998,04€	0,00€	83.999,66€

- En data 06/04/2026, mediante rexistro WEB2026028692, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de BARRO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 83.999,66 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2025 do investimento “REHABILITACIÓN DA NAVE DA MÚSICA E HUMANIZACIÓN DO ENTORNO” (exp.: 2026027362), cuxo orzamento ascende a 559.997,70 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de BARRO queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención-€- Plan +Provincia 2026-2027	Plan / Programa
2026	559.997,70€	83.999,66€	475.998,04€ (Plan Provincia Extraordinaria- PLAN EXTRA 2025)



O orzamento de 559.997,70 euros contempla 541.847,70 euros de execución de obra e 18.150,00 euros de honorarios de dirección de obra.

- Consta no expediente vinculado ao expediente 2026027362, o proxecto cos seguintes pronunciamentos favorables:
 - Ditame da Comisión de Expertos (10/03/2026).
 - Informe da Intervención Provincial (13/03/2026).
 - Ditame da Comisión Informativa de Cooperación (20/03/2026).
 - Autorización plenaria mediante acordo núm. 5.8616 (27/03/2026).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo..
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente:
 - o 2025072596 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152.
 - o 2025061321 Convocatoria subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que



unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.



- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os ditames e informes que avalan o proxecto, o informe favorable do xefe do servizo de Cooperación, de data 13/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/05/2026 e a súa dilixencia de data 12/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de BARRO, CIF: P3600200D, unha subvención por importe de 83.999,66 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria- PLAN EXTRA 2025, do investimento “REHABILITACION DA NAVE DA MUSICA E HUMANIZACION DO ENTORNO” (exp: 2026027362), cuxo orzamento ascende a 559.997,70 euros.
O orzamento de 559.997,70 euros contempla 541.847,70 euros de execución de obra e 18.150,00 euros de honorarios de dirección de obra.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- A subvención que se concede rexerese polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025 aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024), agás no referido aos prazos de execución e xustificación que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.



- Darlle traslado do presente acordo ao concello de BARRO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.37140.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA NOVA DE ARRIBA EN BELUSO”. (Expte. 2026027205).

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial en sesión ordinaria, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de BUEU que importa 597.367,74 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “HUMANIZACION DO ENTORNO DA RUA NOVA DE ARRIBA EN BELUSO” (exp: 2025072911) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, cun orzamento de 796.490,32 euros, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
796.490,32€	597.367,74€	0,00€	199.122,58€

- En data 05/04/2026, mediante rexistro WEB2026028531, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de BUEU na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 199.122,58 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2025 do investimento “HUMANIZACION DO ENTORNO DA RUA NOVA DE ARRIBA EN BELUSO” (Expte.2026027205), cuxo orzamento ascende a 796.490,32 euros.



Deste modo, o financiamento da petición do Concello de BUEU queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención-€- Plan +Provincia 2026-2027	Plan / Programa
2026	796.490,32	199.122,58	597.367,74 (Plan Provincia Extraordinaria- PLAN EXTRA 2025)

- O orzamento de 796.490,32 euros contempla 783.162,89 euros de execución de obra, 11.666,34 euros de honorarios de dirección de obra e 1.661,09 euros de coordinación de seguridade e saúde.
- Visto que consta nos expedientes vinculados ao expediente 2026027205, o proxecto cos seguintes pronunciamentos favorables:
 - ✓ Ditame da Comisión de Expertos (10/03/2026).
 - ✓ Informe da Intervención Provincial (13/03/2026).
 - ✓ Ditame da Comisión Informativa de Cooperación (20/03/2026).
 - ✓ Autorización plenaria mediante acordo núm. 5.8616 (27/03/2026).

Ademais subliñar que o proxecto conta co informe favorable do persoal facultativo do servizo de cooperación de data 13/04/2026.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
- Non obstante, a concesión queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do investimento subvencionado a acta de trazado previo, a resolución ou acordo de aprobación do proxecto que figura no expediente así como as correspondentes autorizacións sectoriais, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente.
 - o 2025072911 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152.
 - o 2025061321 Convocatoria subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes e ditames que avalan o proxecto, o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/04/2026, o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 13/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de BUEU, CIF: P3600400J, unha subvención por importe de 199.122.58 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria- PLAN EXTRA 2025, do investimento “HUMANIZACION DO ENTORNO DA RUA NOVA DE ARRIBA EN BELUSO” (2026027205), cuxo orzamento ascende a 796.490,32 euros.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a acta de trazado previo debidamente cumprimentada, a resolución ou acordo de aprobación do proxecto que figura no expediente así como as autorizacións precisar para executar a actuación. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- A subvención que se concede rexerese polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025 aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024), agás no referido aos prazos de execución e xustificación que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de BUEU, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.37141.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CRECENTE, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS EN SENDELLE”. (ACHEGA AO PLAN EXTRA 2025) (Expte. 2026027259)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial mediante acordo núm. 5.8616 outorgou ao *concello de Crecente* unha subvención por importe de 398.046,48 euros, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento “HUMANIZACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS EN SENDELLE”(Expte. 2025073189), cuxo orzamento total ascende á contía de 468.289,98 euros, a achega municipal fíxase en 70.243,50 euros.



- Con data 02/04/2026, con núm. de rexistro WEB2026027999, en prazo e forma, o *concello de Crecente* solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 70.243,50 euros distribuída en dúas anualidades. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “HUMANIZACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTUAS EN SENDELLE” (Expte. 2026027259), en base a un orzamento polo importe de 468.289,98 euros.

Deste modo, a petición do *concello de Crecente* queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención PLAN EXTRA 2025	Subvención Plan + Provincia 2026-2027	
		anualidade 2026	anualidade 2027
468.289,98	398.046,48	10.000,00	60.243,50
		TOTAL 70.243,50	

O orzamento de 468.289,98 euros contempla 450.315,21 euros de execución de obra e 17.974,77 euros de honorarios de dirección de obra.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025073189 do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra 2025
 - o 2025061321 Convocatoria do subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.



- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/03/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de CRECENTE* NIF P3601400I, ao abeiro da Liña 1 do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 70.243,50 euros, co obxecto do investimento “HUMANIZACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTUAS EN SENDELLE” (achega municipal ao Plan EXTRA 2025), en base a un orzamento polo importe 468.289,98 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do *concello de CRECENTE* queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención PLAN EXTRA 2025	Subvención Plan + Provincia 2026-2027	
		anualidade 2026	anualidade 2027
468.289,98€	398.046,48€	10.000,00€	60.243,50€
		TOTAL 70.243,50€	

O orzamento de 468.289,98 euros contempla 450.315,21 euros de execución de obra e 17.974,77 euros de honorarios de dirección de obra.

No obstante a concesión da subvención queda condicionada a que o *Concello* achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica a autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo á anualidade 2026. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45.
- A execución e xustificación do investimento rexerese polas normas do PLAN EXTRA 2025, de acordo co establecido na base nº 25 das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.



- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de CRECENTE*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.37142.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CUNTIS, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DE EDIFICIO DE ANTIGO MATADOIRO PARA XIMNASIO”.
(Expte.2025082704)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Cuntis o importe que lle corresponde é de 103.390,23€.
- En data 29/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087534.pdf) dunha petición do concello na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 103.390,23 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Reforma de edificio de antigo matadeiro para ximnasio”, cun orzamento de 103.390,23€ dos cales 96.877,45€ son de execución de obra, 3.256,39€ son de redacción do proxecto, 2.442,29€ de dirección de obra e 814,10€ de coordinación seguridade e saúde. A presente subvención debe quedar condicionada a que o Concello coa primeira xustificación do gasto realizado presente a aprobación do proxecto, acta de trazado previo (anexo I), así como as autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, Patrimonio e Servizo de Infraestruturas e vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, sendo imprescindible que a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 25/03/2026.
- Así mesmo 25/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 20/04/2025.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Cuntis relativa ao financiamento do investimento denominado “Reforma de edificio de antigo matadeiro para ximnasio” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 103.390,23 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- CONCEDER ao Concello de Cuntis, CIF P3601500F a cantidade de 103.390,23 € con destino ao financiamento do investimento “Reforma de edificio de antigo matadeiro para ximnasio” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 103.390,23€ dos cales 96.877,45€ son de execución de obra, 3.256,39€ son de redacción do proxecto, 2.442,29€ de dirección de obra e 814,10€ de coordinación seguridade e saúde. A presente subvención debe quedar condicionada a que o Concello coa primeira xustificación do gasto realizado presente a aprobación do proxecto, acta de trazado previo (anexo I), así como as autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, Patrimonio e Servizo de Infraestruturas e vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, sendo imprescindible que a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.



A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- AUTORIZAR E COMPROMETER o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello do Cuntis, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

12.37143.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA ÁREA DE XOGO DO CAMPO DE FÚTBOL MONTE DA VILA”. (Expte. 2026000267)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Arbo o importe que lle corresponde é de 143.042,24€.
- En data 02/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000208) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 143.042,24 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Mellora da área de xogo do campo de fútbol Monte da Vila”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 10/04/2026.



- Así mesmo en data 10/04/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 08/05/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE



- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de O Grove relativa ao financiamento do investimento denominado “Mellora da área de xogo do campo de fútbol Monte da Vila” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 143.042,24 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- **CONCEDER** ao Concello de O Grove, CIF P3602200B, a cantidade de 143.042,24 € con destino ao financiamento do investimento “Mellora da área de xogo do campo de fútbol Monte da Vila” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- AUTORIZAR E COMPROMETER o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello do O Grove, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

13.37144.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN IMPERMEABILIZACIÓN E MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO EDIFICIO NÁUTICO-DEPORTIVO”.
(Expte. 2026000137)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de A Illa De Arousa o importe que lle corresponde é de 105.490,42€.
- En data 30/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087823.pdf) dunha petición do Concello, emendada na data 01/04/2026 (núms. RexistroWEB2026027662), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 105.490,42 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Rehabilitación, impermeabilización e mellora das instalacións do edificio náutico-deportivo”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 10/04/2026.
- Así mesmo en data 13/04/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 11/05/2026.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de A Illa de Arousa relativa ao financiamento do investimento denominado “Rehabilitación, impermeabilización e mellora das instalacións do edificio náutico-deportivo” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 105.490,42 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unha unanimidade:

- **CONCEDER** ao Concello de A Illa De Arousa, CIF P8600004I, a cantidade de 105.490,42 € con destino ao financiamento do investimento “Rehabilitación, impermeabilización e mellora das instalacións do edificio náutico-deportivo” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 03/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- AUTORIZAR E COMPROMETER o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Illa de Arousa, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

14.37145.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A LAMA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NA AVDA. DO CONCELLO E RÚA MANUEL TOSAR”. (ACHEGA AO PLAN EXTRA 2025) (Expte.2026018932)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial mediante acordo núm. 5.8616 outorgou ao *concello de A Lama* unha subvención por importe de 500.000,00 euros, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NA AVDA. DO CONCELLO E RÚA MANUEL TOSAR” (expediente 2025072597), cuxo orzamento total ascende á contía de 606.596,19 euros. A achega municipal fíxase en 106.596,19 euros.
- Con data 13/04/2026, con núm. de rexistro WEB2026019714, en prazo e forma, o *concello de A Lama* solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 106.596,19 euros distribuída en dúas anualidades. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NA AVDA. DO CONCELLO E RÚA MANUEL TOSAR”, en base a un orzamento polo importe de 606.596,19 euros.



Deste modo, a petición do *concello de A Lama* queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención PLAN EXTRA 2025	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027	
		606.596,19€	500.000,00€
		anualidade 2027	73.088,76€
TOTAL		106.596,19€	

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025072597 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025.
 - o 2025061321 Convocatoria do subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/03/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 10/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A LAMA* NIF P3602500E, ao abeiro da Liña 1 do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 106.596,19 euros, co obxecto do investimento “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NA AVDA. DO CONCELLO E RÚA MANUEL TOSAR” (achega municipal ao Plan EXTRA 2025), en base a un orzamento polo importe 606.596,19 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do *concello de A LAMA* queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención PLAN EXTRA 2025	Subvención Plan + Provincia 2026-2027	
		anualidade 2026	anualidade 2027
606.596,19€	500.000,00€	33.507,43€	73.088,76€
TOTAL		106.596,19€	

O orzamento de 606.596,19 euros contempla 583.951,15 € (IVE incluído) de execución de obra e 22.644,74 euros de honorarios (11.853,70 € dos honorarios de redacción proxecto e 10.791,04€ dos honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde) (IVE incluído).

No obstante a concesión da subvención queda condicionada a que o *Concello* achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica a autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo á anualidade 2026. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45.
- A execución e xustificación do investimento rexerese polas normas do PLAN EXTRA 2025, de acordo co establecido na base nº 25 das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A LAMA*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



15.37146.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEIS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, PARA O FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CPI DE O MOSTEIRO”. (ACHEGA PLAN EXTRA 2025) (Expte.2026015600)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial RP 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial mediante acordo núm. 5.8616 outorgou ao Concello de MEIS unha subvención por importe de 500.000,00 euros, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CPI DE O MOSTERIO”(expediente 2025072585), cuxo orzamento total ascende á contía de 588.235,30 euros. A achega municipal fíxase en 88.235,30 euros.
- Con data 06/03/2026, con núm. de rexistro WEB2026016828, en prazo e forma, o Concello de MEIS solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención, por importe de 88.235,30 euros. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CPI DE O MOSTERIO”(Expte. 2026015600).

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de MEIS queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Anualidade	Subvención	Plan / Programa
588.235,30€	2025	500.000,00€	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2025 expediente: 2025072585
	2026	88.235,30€	Plan + Provincia 2026-2027 anualidade 2026

O importe do orzamento contempla 556.295,58 € de execución de contrata, IVE engadido e 31.939,72€ de honorarios técnicos (14.175,66 € redacción de proxecto, 15.099,46 € dirección de obra e 2.664,60 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025072585 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025076113 de 03/11/2025.
 - o 2025061321 Convocatoria do subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 14/05/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



- Conceder ao concello de MEIS, NIF P3602800I, ao abeiro da Liña 1 do Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 88.235,30 euros da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CPI DE O MOSTERIO”(expediente 2026015600). O orzamento total cífrase en 588.235,30 euros, correspondendo 556.295,58 € de execución de contrata, IVE engadido e 31.939,72 € de honorarios técnicos (14.175,66 € redacción de proxecto, 15.099,46 € dirección de obra e 2.664,60 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.

Deste modo, o financiamento do investimento queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Anualidade	Subvención	Plan / Programa
588.235,30€	2025	500.000,00€	Plan Extra 2025 expediente: 2025072585
	2026	88.235,30€	Plan + Provincia 2026-2027 anualidade 2026

- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio, do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, da Consellería de Medio Rural e de Augas de Galicia, sendo imprescindible que o Concello as remita, así como á aprobación do proxecto e acta de trazado previo, xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A execución e xustificación do investimento rexerese polas normas do Plan Extra 2025, consonte ao estipulado na base 25ª do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de MEIS, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

16.37147.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OIA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN E MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA DO CAMPO E REHABILITACIÓN DE VIVENDA PARA USO COMUNITARIO”.
(Expte.2026023714)

ANTECEDENTES:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan, investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan +Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026 e 2027, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 15/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de TOMIÑO (P3605400E), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 259.599,67 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA AS PERSOAS NA CONTORNA DA IGREXA DE SANTA Mª DE TEBRA” (exp.2026027950), cuxo orzamento ascende a 1.298.240,87 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Plan Extra 2025	Fondos Propios Concello
2026	1.298.240,87€	259.599,67€	900.000,00€	138.641,20€
2027		0,00€		0,00€
TOTAL		259.599,67€		138.641,20€

- O orzamento total contempla execución obra por importe de 1.127.534,67 €, adquisición dos terreos por importe de 138.641,20 euros e as asistencias técnicas á dirección de obra por importe de 17.787,00 € e coordinación de seguridade e saúde por importe de 14.278,00 €.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da dirección xeral de Patrimonio Cultural, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado. Así mesmo, a realización do presente investimento require a adquisición de terreos, a titularidade dos mesmos deberá acreditarse no momento da xustificación.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan provincia extraordinaria 2025 - Plan extra 2025, aprobado por acordo plenario núm. 4.8493 do 30/09/2025 (BOPPO nº 189 do 03/10/2025), agás no referido ós prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de TOMIÑO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

21.37152.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO “DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO E POSTA EN VALOR DA AREA DE LECER E DEPORTIVA DE PORTO PIÑEIRO”. (Expte.2026022865)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial en sesión ordinaria, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de VALGA que importa 700.000,00 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO E POSTA EN VALOR DA ÁREA DE LECER E DEPORTIVA DE PORTO PIÑEIRO” (Expte.2025071544) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN _ PLAN EXTRA 2025	ACHEGA MUNICIPAL
875.017,24€	700.000,00€	175.017,24€



A base quinta do Plan Extra 2025 establece que o concello, atendendo a súa solvencia económica, poderá financiar a súa achega nas anualidades de 2026 e 2027 do Plan +Provincia, ou do plan de obra de servizos que, no seu caso, o substitúa.

En data 25/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026023452), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de VALGA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 175.003,45 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO E POSTA EN VALOR DA AREA DE LECER E DEPORTIVA DE PORTO PIÑEIRO”, cuxo orzamento ascende a 875.017,24 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Plan Extra 2025	Fondos Propios
2026	875.017,24€	175.003,45€	700.000,00€	13,79€
2027		0,00€		0,00€
TOTAL		175.003,45€		13,79€

O orzamento total contempla execución obra por importe de 860.027,24 euros, e a asistencia técnica á dirección de obra por importe de 14.990,00 euros.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.

Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente:

- o Exp.2025071544 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025.
- o Exp.2025061321 Convocatoria subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan, investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan +Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026 e 2027, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 13/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/05/2026 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de VALGA (P3605600J), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 175.003,45 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan extra 2025 do investimento “DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO E POSTA EN VALOR DA AREA DE LECER E DEPORTIVA DE PORTO PIÑEIRO” (Expte.2026022865), cuxo orzamento ascende a 875.017,24 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención +provincia 2026	Plan extra 2025	Fondos propios concello
2026	875.017,24€	175.003,45€	700.000,00€	13,79€
2027		0,00€		0,00€
TOTAL		175.003,45€		13,79€



- O orzamento total contempla execución obra por importe de 860.027,24 euros, e a asistencia técnica á dirección de obra por importe de 14.990,00 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan provincia extraordinaria 2025 - Plan extra 2025, aprobado por acordo plenario núm. 4.8493 de 30/09/2025 (BOPPO nº 189 do 03/10/2025), agás no referido ós prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de VALGA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

22.37153.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO CONVENIO ENTRE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VALGA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8501 VALGA - OS MARTORES, DO P.Q. 0+000 AO 0+110, E NA E.P. 8502 VALGA – BAÑO, DO P.Q. 0+000 AO 0+950 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte.2026024890)

O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 30/12/2025, a Deputación de Pontevedra e o Concello do Valga asinaron o convenio de colaboración para a execución do proxecto “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8501 VALGA - OS MARTORES, DO P.Q. 0+000 AO 0+110, E NA E.P. 8502 VALGA – BAÑO, DO P.Q. 0+000 AO 0+950 (CONCELLO DE VALGA)”. A cláusula terceira do devandito convenio establece que as obras serán financiadas por ambas administracións consonte a seguinte distribución:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	709.345,89	80
Concello do Valga	177.336,47	20
TOTAL OBRAS	886.682,32	100



En data 27/03/2026, mediante rexistro WEB2026024853, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello do Valga na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 177.336,47 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración para a execución do proxecto arriba referido.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.

Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias no expediente co núm. 2025071819.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan +Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención
- Base 24ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que establece que no caso dos convenios coa Deputación ou con outras admistracións nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello quedará exento da aprobación do proxecto técnico.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 14/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de VALGA (NIF P3605600J), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investmentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 177.336,47 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal estipulada no convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o devandito Concello para a execución do proxecto “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8501 VALGA - OS MARTORES, DO P.Q. 0+000 AO 0+110, E NA E.P. 8502 VALGA – BAÑO, DO P.Q. 0+000 AO 0+950 (CONCELLO DE VALGA)” (Expte.2026024890), cuxo orzamento ascende a 886.682,36 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO
2026	886.682,36€	177.336,47€	709.345,89€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Unha vez concedida a subvención e previa aprobación e sinatura do convenio de colaboración, xerarse crédito na correspondente aplicación orzamentaria e realizáranse as oportunas operacións en formalización.
- A licitación, execución e recepción do investimento realizarase conforme ao previsto no convenio de colaboración asinado entre ambas administracións con data 30/12/2025.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de VALGA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

23.37154.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTOS CORRENTES DOS SERVIZOS MUNICIPAIS”. (Expte. 2026025455)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.



- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 01/04/2026, con rexistro núm.WEB2026026708 (subsanada posteriormente na data 09/04/2026 con núm. rexistro WEB2026030474), dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Vila de Cruces na que solicita unha subvención por importe de 181.078,47 euros con destino ao financiamento de “*Gastos correntes dos servizos municipais*” (Expte.:2026025455), cun orzamento polo mesmo importe.
- O Concello solicita o traspaso de 165.619,38 € da liña 1-Investmentos á liña 2. Así mesmo, achega certificado da interventora municipal indicando que o concello non ten gastos de exercicios pechados pendentes de aprobar.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Gastos de recollida de lixo e tratamento de residuos, rede abastecemento de auga potable e de sumidoiros	138.078,47€	138.078,47 €
Achegas a entes supramunicipais	31.000,00 €	31.000,00 €
Servizos necesarios para desenvolver os servizos municipais asistencia xurídica, informática, asesoría laboral	7.000,00 €	7.000,00 €
Gastos de funcionamento da escola de música e escolas deportivas	5.000,00 €	5.000,00 €
TOTAL	181.078,47 €	181.078,47 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 10/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/05/2026, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Vila de Cruces, CIF:P3605900D, a cantidade de 181.078,47 euros, con destino ao financiamento de “Gastos correntes dos servizos municipais” (Expte.2026025455), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Vila de Cruces, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

24.37155.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO GROVE, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTOS CORRENTES DOS SERVIZOS MUNICIPAIS”. (Expte. 2026023757)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.



- En data 27/03/2026, con rexistro núm.WEB2026024646, dentro do prazo fixado na convocatoria (subsanoado na data 10/04/2026, rexistro núm. WEB2026031104), consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello do Grove na que solicita unha subvención por importe de 174.979,92 euros con destino ao financiamento de “Proposta orientativa e valorada dos *gastos correntes dos servizos municipais*” (Expte.:2026023757), cun orzamento por importe de 174.979,92 euros.
- O concello solicita traspaso da Liña 1-Investmentos á Liña 2 por importe de 195.651,14 €. Así mesmo, achega certificado da interventora municipal indicando que o concello non ten gastos de exercicios pechados pendentes de aprobar.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Aluguer de maquinaria para limpeza e rúas	18.000,00 €	18.000,00 €
Plan de desbroces e mantemento de camiños	64.000,00 €	64.000,00 €
Servizo de recollida de RSU	18.000,00 €	18.000,00 €
Mantemento e conservación de espazos públicos: pintado de viais, farolas e sinais	64.979,92 €	64.979,92 €
Mantemento de pistas de pádel	6.000,00 €	6.000,00 €
Mellora do ximnasio pavillón Monte da Vila	4.000,00 €	4.000,00 €
TOTAL	174.979,92 €	174.979,92 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 14/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/05/2026, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de O Grove, CIF:P3602200B, a cantidade de 174.979,92 euros, con destino ao financiamento de “Gastos correntes dos servizos municipais” (Expte.2026023757), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de O Grove, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

25.37156.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO “ZONA DEPORTIVA DA SANGRIÑA”.
(Expte. 2026021163)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial mediante acordo núm. 5.8616 outorgou ao *concello de A Guarda* unha subvención por importe de 675.000,00 euros, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento “Zona Deportiva da Sangriña”(Expte. 2025071811), cuxo orzamento total ascende á contía de 900.000,00 euros, a achega municipal fíxase en 225.000,00 euros.
- Con data 20/03/2026, con núm. de rexistro WEB2026021933, en prazo e forma, o *concello da Garda* solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 225.000,00 euros distribuída en dúas anualidades. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “ZONA DEPORTIVA DA SANGRIÑA”, en base a un orzamento polo importe de 900.000,00 euros.



Deste modo, a petición do *concello de A Guarda* queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención PLAN EXTRA 2025	Subvención Plan + Provincia 2026-2027	
		900.000,00	675.000,00
anualidade 2027	130.842,41		
TOTAL		225.000,00	

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025071811 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025.
 - o 2025061321 Convocatoria do subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/03/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 16/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de A GUARDA* NIF P3602300J, ao abeiro da Liña 1 do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 225.000,00 euros, co obxecto do investimento “ZONA DEPORTIVA DA SANGRINÑA” (achega municipal ao Plan EXTRA 2025), en base a un orzamento polo importe de 900.000,00 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do *concello de A GUARDA* queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención PLAN EXTRA 2025	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027	
		900.000,00	675.000,00
		anualidade 2027	130.842,41
	TOTAL	225.000,00	

- A concesión da presente subvención queda condicionada a que o *Concello* achegue, xunto coa primeira xustificación da axuda económica, o acordo ou resolución de aprobación do proxecto
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo á anualidade 2026. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45.



- A execución e xustificación do investimento rexeráse polas normas do PLAN EXTRA 2025, de acordo co establecido na base nº 25 das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de A GUARDA*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

26.37157.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO URBANO DE VILA DE CRUCES. RÚA DO CINE”. (Expte.2026027326)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial en sesión ordinaria, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de VILA DE CRUCES que importa 677.599,96 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO URBANO DE VILA DE CRUCES. RÚA DO CINE” (Expte.2025072497) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, condicionada á aprobación do proxecto, acta de trazado previo (anexo V) e as correspondentes autorización sectoriais, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN- PLAN EXTRA 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
846.999,96	677.599,96	0,00	169.400,00

A base quinta do Plan Extra 2025 establece que o concello, atendendo a súa solvencia económica, poderá financiar a súa achega nas anualidades de 2026 e 2027 do Plan +Provincia, ou do plan de obra de servizos que, no seu caso, o substitúa.



En data 01/04/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026027047), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de VILA DE CRUCES na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 169.400,00 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO URBANO DE VILA DE CRUCES. RÚA DO CINE”, cuxo orzamento ascende a 846.999,96 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Plan extra 2025	Fondos propios
2026	846.999,96€	169.400,00€	677.599,96€	0,00€
2027		0,00€		0,00€
TOTAL		169.400,00€		0,00€

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e declaración responsable ante Augas de Galicia, quedando pendente de remitir a aprobación do proxecto técnico.

Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente:

- Exp.2025072497 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025.
- Exp.2025061321 Convocatoria subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan, investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan +Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026 e 2027, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 15/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de VILA DE CRUCES (P3605900D), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 169.400,00 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao PLAN EXTRA 2025 do investimento “ACHEGA PLAN EXTRA_HUMANIZACION DO NUCLEO URBANO DE VILA DE CRUCES. RUA DO CINE” (exp.2026027326), cuxo orzamento ascende a 846.999,96 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Plan extra 2025	Fondos propios - Concello
2026		169.400,00€		0,00€
2027		0,00€		0,00€
TOTAL	846.999,96€	169.400,00€	677.599,96€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto técnico. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.



- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan provincia extraordinaria 2025 - Plan Extra 2025, aprobado por acordo plenario núm. 4.8493 de 30/09/2025 (BOPPO nº 189 do 03/10/2025), de acordo co establecido na base 25ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, agás no referido ós prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de VILA DE CRUCES, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

27.37158.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “PAGAMENTO DE DÉBEDAS A ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS”. (Expte.2026005774)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 04/02/2026, con rexistro núm.WEB2026007207, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Poio na que solicita unha subvención por importe de 106.227,71 euros con destino ao financiamento de “*Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos*” (Expte.2026005774), cun orzamento polo mesmo importe, separando os gastos relativos ao capítulo II por importe de 83.067,83€ e por outra banda os gastos relativos ao capítulo VI por importe de 23.159,88 €.
- O Concello solicita traspaso da Liña 1 á Liña 2 por importe de 6.808,34 euros.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 15/05/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/05/2026, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- CONCEDER ao Concello de Poio, CIF:P3604100B, a cantidade de 106.227,71 euros, con destino ao financiamento de “Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos” (Expte.:2026005774), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto nas aplicacións orzamentarias 2026/942.9425.462.45, por importe de 83.067,83 euros e 2026/942.9425.762.46, por importe de 23.159,88 euros, do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima segunda das citadas bases establece que o prazo para efectuar o pagamento ós acredores por parte do Concello é dun (1) mes dende o cobro da subvención. No caso de que o Concello non xustifique o pago das débedas ou xustifique un importe menor á cantidade transferida, iníciase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Poio, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

28.37159.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XUVENTUDE A MÁIS”, OBRADOIROS DE LECER EDUCATIVO E EDUCACIÓN NON FORMAL DIRIXIDOS Á MOCIDADE DOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (Expte. 2026007434)

Vista a providencia de inicio do Servizo de Igualdade de data 12-02-2026 (CSV: DU4YB6Y1MQ12URD3), para a contratación mediante procedemento aberto do “Servizo para o desenvolvemento do programa Xuventude a máis, obradoiros de lecer educativos e educación non formal dirixidos a mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, beneficiarios do programa”, que xustifica a necesidade, idoneidade e ausencia de medios propios suficientes. Xunto coa proposta, o servizo achega o correspondente prego de prescricións técnicas.



Resultando que, con data, pola Intervención realizase a previsión de retención de crédito para o exercicio 2026 mediante o documento RC número 12026000089080, por importe de 118.100,70€ con cargo a aplicación orzamentaria 2026/233.2310.227.07 do vixente orzamento provincial.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e a memoria xustificativa, e con data 06/03/2026, solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 16/04/2026, informa favorablemente o expediente, co csv ADDH4B5S7GVHC63K.

Resultando que con data 16/04/2026 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando que a Intervención, con data 11/05/2026, emite informe favorable, co csv XJI9NIINAZ02WTWX, coas seguintes observacións ou recomendacións:

“O importe do contrato a percibir polo adxudicatario comprende tanto a achega da Deputación como as aportacións dos participantes pola asistencia a cada un dos obradoiros (5,00 Eur con IVE engadido por persoa participante de acordo, coas bases reguladoras do programa para o ano 2026).

2. O orzamento base de licitación por mor da corrección dalgúns cálculos, resultou superior ao previsto na bases reguladoras do programa. Se ben, dado que a variación da contía total máxima destinada á convocatoria non afecta nin a prestación do servizo nin aos requisitos de participación e demais condicións da mesma, non sería obrigatorio pero si recomendable a tramitación da correspondente modificación do acordo da Xunta de Goberno núm. 25.35901, de 19 de decembro de 2025 polo que, se aprobaron as bases reguladoras do Programa “Xuventude a máis”, no que respecta a base 3ª (Orzamento e financiamento).

3. No caso de tramitarse as dúas prórrogas previstas, deberán aprobarse as correspondentes bases reguladoras do programa.

4. (...)

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego”

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: 069Q5VV2PFG8YX74), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, encuadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa “Xuventude a máis” aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 19/12/2025. O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo) de conformidade co previsto no artigo 131.2 da LCSP.



Considerando o artigo 17 da LCSP, que tipifica como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do Servizo para o desenvolvemento do programa “Xuventude a máis” obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, cun orzamento base de licitación para os tres lotes de 118.100,70€ e de acordo co seguinte detalle:

Custo por Obradoiro 21% de IVE engadido	1.157,85€
Custo total 102 obradoiros	118.100,70€

E de acordo coa seguinte distribución por lotes:

	Importe sen IVE	21% de IVE	Importe co IVE
Lote nº 1 (40 obradoiros)	38.276,03€	8.037,97€	46.314,00€
Lote nº 2 (48 obradoiros)	45.931,24€	9.645,56	55.576,80€
Lote nº 3 (14 obradoiros)	13.396,61€	2.813,29€	16.209,90€
Total 102 obradoiros	97.603,88€	20.496,82€	118.100,70€

O alumnado participante deberá achegar a cantidade de 5,00 € por obradoiro, o que supón un importe de 75,00€ máximo por curso (5 € * 15 alumnos) e unha achega total para os 102 obradoiros de 7.650,00 €.



Dito importe será recaudado pola empresa ou empresas adxudicatarias do programa.

O valor estimado total do contrato (sen o IVE) é de: 311.778,33€.

O programa levarase a cabo de conformidade coas condicións establecidas no prego de prescrición técnicas, así como nas bases reguladoras do programa que foron aprobadas pola Xunta de Goberno de data 19/12/2025 e publicadas no BOPPO nº6 12/01/2026.

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: XSTHB81DRAZ0TW96), o prego de prescricións técnicas (csv: EMH0BXRVO1EQFX1T)

3.- Autorizar o gasto de 118.100,70€ con cargo a seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	2026/233.2310.227.07	118.100,70 €

4.- Nomear responsable do contrato a Xefa do servizo de xuventude e reto demográfico ou persoa en que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

29.37160.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (B-36769479), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1 E 2 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS PARA O LABORATORIO DA FINCA MOURISCADÉ. (Expte. 2022059153) (Devogaran 2026023205)

Por acordo número 50.29545 adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 16 de novembro de 2020 (CSV.- 4A5VGPVO5HC453Y1), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato de "Subministración de reactivos para o Laboratorio da Finca Mouriscadé". (Expte. 2022059153).

Para garantir a correcta execución dos lotes 1 e 2 deste contrato, a entidade mercantil *Comercial Hospitalaria Grupo-3 (B-36769479)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi a seguinte:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO-3, S.L. (B-76.769.479)	1	6.290,87€	202300002517	04/01/2023
	2	4.153,70€	202300002539	04/01/2023



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde a Finca Mouriscade (CSV.- NQGQKKYJKVW6SF3P), no cal sinala que “(...) *infórmase favorablemente a devolución das garantías definitivas constituídas polas empresas adxudicatarias dos lotes 1, 2, 3 e 4 do contrato de “Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade”, ao terse cumprido satisfactoriamente as obrigas contractuais e non existir responsabilidades pendentes. (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- R5WF9ZUU9A0E6L03), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO-3 (B-36769479), dunhas garantías por eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Subministración de reactivos para o Laboratorio da Finca Mouriscade*” (Expte. 2022059153), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO-3, S.L. (B-36769479)”, por resultar adxudicataria dos lotes 1 e 2 de dito contrato e que foron as seguintes:

- o Lote 1: A constituída, mediante aval emitido pola entidade SOGARPO, S.G.R. (NIF.- V-36622082) “*Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 010000024101*”, por importe de seis mil douscentos noventa euros con oitenta e sete céntimos (6.290,87 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 04/01/2023, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030716 (*Número de Carta de Pago 202300002517*).
- o Lote 2: A constituída, mediante aval emitido pola entidade SOGARPO, S.G.R. (NIF.- V-36622082) “*Aval inscrito no Rexistro especial de avais co nº 010000024102*”, por importe de catro mil cento cincuenta e tres euros con setenta céntimos (4.153,70 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 04/01/2023, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030717 (*Número de Carta de Pago 202300002539*).



30.37161.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. (B-27786045), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE CREATIVIDADE E LANZAMENTO DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (Expte. 2021038283) (Devogaran 2026023222)

Por acordo 21.31437 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria, de data 11 de marzo de 2022 (CSV.- 0WT40400XI0BNETE), acordouse, entre outros asuntos, o “*Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do DESTINO RÍAS BAIXAS*”. (Expte. 2021038283).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *Esmerarte, industrias creativas, S.L.* (CIF.- B-27.786.045), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. (B-27.786.045)	5.677,00€	202200012623	21/01/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Turismo Rías Baixas (CSV.- X0MG5RHSNFQ3YG2C), no cal sinala que “(...) *Que a entidade mercantil ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. (CIF.- B 27.786.045), cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que segundo dispón o artigo 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público procede a devolución da garantía definitiva. (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- LX64CQZGK2Q6JEBL), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. (CIF.- B-27.786.045), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do DESTINO RÍAS BAIXAS*” (Expte. 2021038283), sen que existan obrigas pendentes.



SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. (CIF.- B-27.786.045), por resultar adxudicataria de dito contrato, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval, emitido pola entidade BANCO BILBAO VIZCAYA, S.A. (A-48.265.169) “Aval inscrito no Rexistro Especial de Avals co nº.- 0182001031861”, por importe de cinco mil seiscientos setenta e sete euros (5.677,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 21/01/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030563 (Carta de pago número 202200012623).

31.37162.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, XESTIÓN CULTURAL, AUREA, S.L. (B-36394203), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO A "XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DEPO EN MARCHA 2022-2023 E PROVINCIA ACTIVA 2024" (Expte. 2021050862) (Devogaran 2026023240)

Por acordo 18.31544 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria, de data 01 de abril de 2022 (CSV.- E8S1TSFMPZJZW4CL), acordouse, entre outros asuntos, o “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPO EN MARCHA 2022”. (Expte. 2021050862).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *Xestión Cultural Áurea, S.L.* (CIF.- B-36.394.203), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
XESTIÓN CULTURAL ÁUREA, S.L. (B-36.394.203)	7.719,25€	202200061099	24/03/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Benestar Social (CSV.- Q2UVE329N0GRN77Y), no cal sinala que: “(...) *informase que:*

- *Cumpriu satisfactoriamente co obxecto deste contrato e coas condicións técnicas esixidas nos pregos técnicos e administrativos.*
- *Non se produciron responsabilidades contra esta empresa.*

Consonte ao anterior, comunicámoslle a conformidade para devolver a fianza solicitada pola empresa por importe de sete mil setecentos dezanove euros con vinte cinco céntimos (7.719,25 €). (...).”

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 31ISY3YLOGISDM4X), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil XESTIÓN CULTURAL ÁUREA, S.L. (CIF.- B-36.394.203), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPO EN MARCHA 2022*” (Expte. 2021050862), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil XESTIÓN CULTURAL ÁUREA, S.L. (CIF.- B-36.394.203), por resultar adxudicataria de dito contrato, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval, emitido pola entidade ABANCA, S.A. (A-70.302.039) “*Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº.- 674283*”, por importe de sete mil setecentos dezanove euros con vinte e cinco céntimos (7.719,25 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 24/03/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030588 (Carta de pago número 202200061099).

32.37163.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO, IMPLANTACIÓN E SOPORTE DUN AXENTE CONVERSACIONAL BASEADO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A PÁXINA WEB DO BOPPO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2025054380)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día do día 14 de novembro, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do *Servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra.*

Resultando que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 14 de novembro de 2025. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando que a Mesa de Contratación na súa sesión do día 26/12/2025, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras (Certificado mesa Código CSV(DRDPI4KB3IMCRTVV)).



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Novas tecnoloxías para a súa valoración.

Resultando que a Xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, Marta Parada Lorenzo, emitiu con data 25/02/2026 informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor con CSV: LZOEOKIV04AKGE34 e informe complementario o día 06/03/2026 con CSV: YYO609DS44HJSKLS. A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12/03/2026, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas. Os valores ofertados constan no certificado da mesa de contratación con CSV: Y3S1Z5E35LA9O3GY.

Resultando que a Mesa de Contratación, na sesión do día . 20/03/2026, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da UTE MAINJOBS -TISCSMART (integrada por TISCSMART S.L (CIF B-93275675) e MAINJOBS INTERNACIONAL EDUCATIVA Y TECNOLÓGICA, SAU (CIF A92909068), polos prezos e valores ofertados.

Resultando que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 23/03/2026, comproba que as empresas TISCSMART S.L (CIF B-93275675) e MAINJOBS INTERNACIONAL EDUCATIVA Y TECNOLÓGICA, SAU (CIF A92909068), atópanse inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (Rolece). Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar. Asimesmo compróbase que se atopan ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de alta no IAE.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2026002412 do 25-03-2026 o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require ás empresas TISCSMART S.L (CIF B-93275675) e MAINJOBS INTERNACIONAL EDUCATIVA Y TECNOLÓGICA, SAU (CIF A92909068), para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando que as empresas TISCSMART S.L (CIF B-93275675) e MAINJOBS INTERNACIONAL EDUCATIVA Y TECNOLÓGICA, SAU (CIF A92909068), presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2026031242 de data 10/04/2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.031,67 € (carta de pago núm. operación 12026000101458, do 15 de maio de 2026).



Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adjudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adjudicar o contrato para a prestación do *servicio de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do Boppo da Deputación de Pontevedra* á UTE Mainjobs-Ticsmart integrada polas empresas TICSMART S.L (CIF B-93275675) e MAINJOBS INTERNACIONAL EDUCATIVA Y TECNOLÓGICA, SAU (CIF A92909068), polos seguinte prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

1.- Prezo total ofertado (para o desenvolvemento, implantación mantemento e soporte):

Importe sen o IVE:..... 119.900,00 €

IVE (21 %):25.179,00 €

Importe total ofertado: 145.079,00 €

2.- Ampliación da capacidade de procesamento por tokens.: Tokens adicionais por usuario e hora: 5.000 tokens.

3.- Ampliación de acordos de nivel de servizo:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA						
Criticidade	Tempo de resolución máximo	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				
ALTA	8 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				
MEDIA	24 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026 (Desenvolvemento e implantación)	26/926.9260.641.00.2024	86.800,00 €
2026 (Desenvolvemento e implantación)	26/929.9260.641.00.2025	42.753,39 €
2026 (Mantemento 2,5 meses)	26/926.9260.227.23	1.940,70 €
2027 (Mantemento 12 meses)	27/926.9260.227.23	9.315,37 €
2028 (Mantemento 5,5 meses)	28/926.9260.227.23	4.269,54 €

Prazo de duración

O prazo de duración do contrato establécese en 2 anos contados desde a formalización do contrato. O prazo de execución do desenvolvemento e implantación é de 4 meses contados desde a formalización do contrato. Unha vez desenvolvida e implantada a solución iníciárase o prazo de soporte e mantemento ata a finalización do contrato, estimándose a duración desta fase en 20 meses

Forma de pagamento:

Desenvolvemento e implantación: TOTAL

Soporte e mantemento: PARCIAL, de acordo cos seguintes fitos de facturación:

O importe correspondente ao desenvolvemento e implantación pagarase unha vez implantado e asinada a acta de recepción. O importe a pagar correspondente ao desenvolvemento e implantación será o resultante de aplicar a porcentaxe de baixa ofertada pola empresa ao orzamento estimado correspondente a implantación que se indica na cláusula 3.1 do presente prego.

Importe desenvolvemento e implantación:

Total sen IVE	107.068,92 €
IVE (21%)	22.484,47 €
TOTAL:	129.553,39 €

O importe correspondente ao mantemento pagarase periodicamente cada 2 meses por período vencido.

O importe total correspondente ao servizo de mantemento será o resultante de aplicar a porcentaxe de baixa ofertada pola empresa ao orzamento estimado correspondente ao servizo de mantemento que se indica na cláusula 3.1 do presente prego.



Importe mantemento.

Total sen IVE	12.831,08 €
IVE (21%)	2.694,53 €
TOTAL:	15.525,61 €

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025054380	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



33.37164.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE ENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO NÚCLEO DE ARROTEA-ALMOFREI”. CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE. (Expte. 2022045431)

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora (CSV: 5YLEXEBV3L9HTG0C), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 2 de decembro de 2022 adxudicoulle ao Concello de Cerdedo-Cotobade (CSV: RKQ20MSPLCC4UQDN) unha subvención por un importe máximo de 15.246,00 euros destinados a redacción do proxecto “Recuperación do espazo para uso peonil no núcleo de Arrotea-Almofrei” (o que supón o 90% respecto dunha estimación de gasto de 16.940,00 euros). Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo a aplicacións 2026/456.9420.762.10.2022.

Terceiro.- En data 11 de setembro de 2023 notificase ao Concello de Cerdedo Cotobade requirimento solicitando decreto de adxudicación do contrato menor para a redacción do proxecto.

Cuarto.-En data 12 de setembro, o Concello de Cerdedo Cotobade remite certificado da Alcaldía onde informa que a adxudicación do contrato menor realizouse por Decreto da Alcaldía nº2023-0220 en data 3 de marzo de 2023.

Quinto.- En data 25 de xaneiro de 2024 o Concello de Cerdedo Cotobade remite o proxecto técnico:

- Proxecto de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal, referido a obras completas, é dicir, as susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, que comprenden todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.

Sexto.- En data 16 de febreiro de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica desfavorable respecto das bases (CSV: T0SFAF1YQO8J5FQE).



Sétimo.-En data 1 de abril de 2024, o Concello de Cerdedo Cotobade remite nova documentación do proxecto técnico.

Oitavo.- En data 30 de setembro de 2024, o Concello de Cerdedo Cotobade remite a documentación xustificativa para o abono da subvención para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.

Noveno.-En data 23 de outubro de 2024 o Concello de Cerdedo Cotobade remite nova versión do proxecto técnico.

Décimo.- En data 30 de outubro de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica favorable respecto de las bases (CSV: X91STXG8XZT27SG5).

Décimo primeiro.- Revisada a documentación xustificativa de data 30 de setembro de 2024 co rexistro WEB2024060995, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, o seguinte:

- Certificado conforme o proxecto foi aprobado polo órgano municipal competente
- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas
- Aprobación dos gastos polo órgano municipal competente
- Conta xustificativa segundo modelo da Deputación de Pontevedra
- Acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada

A documentación presentada polo Concello de Cerdedo Cotobade resulta incompleta para a correcta xustificación.

Décimo segundo.- En data 27 de marzo de 2026 requiriuse ao Concello certificado da aprobación do proxecto e certificado do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administración ou achegas de particulares para a mesma finalidade.

Décimo terceiro.- O Concello remite documentación solicitada en data 30 de marzo de 2026 co rexistro WEB2026025375.

Décimo cuarto.- *En data 16 de abril de 2026* a Xefatura do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe (CSV: O2Q6F2PXVX6IFE1Y), propoñendo á Xunta de Goberno a aprobación do gasto por importe de 15.066,00 € por recoñecemento extraxudicial de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022.

Décimo quinto.-En data 7 de maio de 2026 a Intervención Provincial emite dilixencia de “FISCALIZADO E CONFORME” ao informe (CSV: 6JCWSNTB9LOANTDN) respecto da proposta de aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito o que permite continuar coa tramitación.



De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificado, cun importe máximo de custos de redacción estimados en 15.246,00 euros. O Concello de Cerdedo Cotobade xustificou un gasto total de 16.740,40 euros e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 15.066,00 euros.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

- Visto que o Concello de Cerdedo Cotobade presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.
- Visto que non se comprobou en prazo a conformidade da xustificación presentada polo servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Vistos os antecedentes expostos.
- Consta dilixencia favorable de Intervención.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito é a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno da Deputación acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do gasto correspondente á subvención concedida ao Concello de Cerdedo Cotobade para a redacción do proxecto “Recuperación do espazo para uso peonil no núcleo de Arrotea-Almofrei”, e propónse á Xunta de Goberno a aprobación da mesma polo anteriormente exposto; por importe de total de 15.066,00 euros con cargo á aplicación 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Concello de Cerdedo Cotobade ao Servizo de Intervención e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para os efectos oportunos.

34.37165.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2026039149, 2026038608, 2026038550, 2026038273)

a) Vista a relación de operacións con número 2026039149 (CSV: QYXFADOR3JRTQLB0), que contén 1 operacións por un importe de 205,69 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	205,69 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	205,69 €



b) Vista a relación de operacións con número 2026038608 (CSV: OJ4MF8R7V2TDV3M1) que contén 1 operación por un importe de 663,00 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	786,50 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	123,50 €
Total líquido	663,00 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026038550 (CSV: O1LIWLTGHAPFHX6R) que contén 10 operacións por un importe de 140.725,80 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	140.725,80 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	140.725,80 €

d) Vista a relación de operacións con número 2026038273 (CSV: R97LLMW7ELJM9RMX) que contén 1 operación por un importe de 907.50 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	907,50 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	907,50 €



35.37166.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026. (LIÑA 3) (Expte. 2026004720)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 27 de febreiro de 2026, punto núm. 12.36138, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Ponte Caldelas, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE PONTE CALDELAS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	<i>2 traballadores/as de hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns en xeral, 2 operarios/as de mantemento de rede de sumidoiros e 1 traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B, C e CE a xornada completa durante 9 meses; 4 traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 operarios/as de mantemento de rede de sumidoiros a xornada completa durante 6 meses e 7 traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos a xornada completa durante 3 meses</i>	227.776,20 €	222.425,28 €	100.433,53 €	127.342,67 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026036417, do 27/04/2026 (subsanado en datas 12/05/2026 con rexistro núm. WEB2026041589 e 13/05/2026 con rexistro núm. WEB2026041948), solicita reformular a solicitude inicial motivado pola necesidade de cambiar a categoría de traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B, C e CE pola de traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B e C, así como para axustar as duracións das contratacións e actualizar os custes.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia da necesidade de cambiar a categoría de traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B, C e CE pola de traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B e C, así como axustar as duracións das contratacións e actualizar os custes, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando os importes do orzamento e da achega municipal con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE PONTE CALDELAS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	<i>2 traballadores/as de hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns en xeral e 1 operario/a de mantemento de rede de sumidoiros a xornada completa durante 8 meses e 19 días; 1 operario/a de mantemento de rede de sumidoiros a xornada completa durante 7 meses e 27 días; 1 traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B e C a xornada completa durante 7 meses; 4 traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 operarios/as de mantemento de rede de sumidoiros a xornada completa durante 6 meses e 7 traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos a xornada completa durante 3 meses</i>	219.875,92 €	214.746,31 €	92.533,25 €	127.342,67 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: Y086TP37N5NZL433) e da dilixencia de Intervención (CSV: IN9CT1VP9TVDGZT7), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 27 de febreiro de 2026, punto núm. 12.36138, no referente á subvención concedida ó Concello de Ponte Caldelas, CIF núm. P3604300H, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Ponte Caldelas (P3604300H)	18	<i>2 traballadores/as de hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns en xeral e 1 operario/a de mantemento de rede de sumidoiros a xornada completa durante 8 meses e 19 días; 1 operario/a de mantemento de rede de sumidoiros a xornada completa durante 7 meses e 27 días; 1 traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B e C a xornada completa durante 7 meses; 4 traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 operarios/as de mantemento de rede de sumidoiros a xornada completa durante 6 meses e 7 traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos a xornada completa durante 3 meses</i>	127.342,67 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



36.37167.- DAR CONTA E ACEPTAR AS RENUNCIAS E LIBERAR O CRÉDITO DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS. (Expte. 2025050276)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 aprobou o programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a provincia de Pontevedra denominado “+EMPREGA” (acordo nº 8.34000). O programa presenta dous eixes de actuación e dentro do eixe 1 fórmulase, entre outros, o proxecto “+Emprega nos concellos”.

Para a execución do proxecto formulouse regular as condicións, entre outras, a través dunha convocatoria para a selección dos concellos como entidades colaboradoras e a determinación do nivel de estudos dos 130 postos de traballo que se van ocupar baixo a modalidade de contrato formativo. Dita convocatoria e as bases reguladoras aprobáronse pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025 (acordo nº 8.35496) que foron publicadas no BOPPO Nº156 do 19 de agosto de 2025.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de outorgamento da condición de entidades colaboradoras do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” (acordo nº 3.35722). Neste acordo sinálase que o período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun ano e que os contratos deberán comezar o 15 de xaneiro de 2026 (BOPPO número 213 do xoves 6 de novembro de 2025). Posteriormente, na sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025 procedeu a rectificar dito acordo advertido un erro (acordo nº 29.35945).

O punto décimo sexto das bases reguladoras do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” para financiar contratos formativos establece que “A xustificación da subvención efectuarase en dúas fases (...)” e que para a xustificación de inicio e a solicitude de pago anticipado “A entidade colaboradora deberá presentar nun máximo de quince (15 días) hábiles, contados desde a data de inicio do contrato a documentación xustificativa (...)” de acordo coas bases.

Transcorrido o prazo de presentación da documentación establecida no punto décimo sexto das bases reguladoras para os contratos formativos iniciados resulta que:

- Dos 33 concellos participantes como entidades colaboradoras aos que se lle concederon un total de 72 contratos, comunicaron os contratos en tempo e forma cumprindo os requisitos esixidos nas bases un total de 32 concellos que contabilizan 61 contratos.



- Os seguintes concellos renuncian na súa totalidade ou en parte aos contratos concedidos:
 - O concello de Redondela presenta a súa renuncia aos dous contratos formativos que lle foran concedidos (expedientes 2025063161 e 2025063163).
 - O concello de Moraña renuncia a un dos dous contratos que lle foran concedidos (expediente 2025063033).
 - Concello de Ribadumia (expediente 2025063165) comunica a súa renuncia a un dos dous contratos formativos concedidos, unha vez requirida a xustificación de inicio dos contratos.
 - Concello de Salvaterra do Miño (expedientes 2025063167 e 2025063166), unha vez requirida a xustificación de inicio dos contratos, comunica a súa renuncia a dous de tres contratos concedidos.

- Os 5 contratos formativos restantes dos seguintes concellos e tras requirir formalmente a documentación, o resultado é:
 - Concello de A Guarda (expedientes 2025062977 e 2025062981) presenta informe indicando a cronoloxía do seu procedemento de selección e a non consecución de persoas candidatas para cubrir dous dos tres contratos concedidos.
 - Concello de Pontearreas (expediente 2025063156) comunica o contrato con data de inicio 26 de febreiro de 2026 cando o contrato debería comezar o 15 de xaneiro de 2026 segundo o indicado nas bases e no acordo de outorgamento.
 - Concello de Pontearreas (expediente 2025063157) unha vez comunicado o contrato detéctase que o posto e titulación xa foi subvencionado na convocatoria do ano 2024. Por tal motivo requírese a entidade aclaración ao respecto e recibida a dita aclaración, considérase que o posto e titulación son os mesmos que na convocatoria.
 - Concello de Meaño (expediente 2025063023) presenta informe indicando a cronoloxía do seu procedemento de selección e a non consecución de persoas candidatas para cubrir un dos dous contratos concedidos.

Visto o informe do Xefe de servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, de data 9 de abril de 2026, no que conclúe que “(...) en consecuencia, *procede a liberación do gasto das entidades que presentaron a súa renuncia a tódolos contratos formativos ou a parte deles como se indica no Anexo I.*

Por outro lado, nos casos das entidades colaboradoras que incorran en incumprimentos dos requisitos establecidos nas bases e demais normas aplicables así como das condicións establecidas no correspondente acordo de concesión que se indican no Anexo II, tramítarase o oportuno expediente de incumprimento, de acordo ao sinalado na base décimo oitava. (...)”

Vistas as dilixencias de fiscalización e conforme de intervención en relación ao informe proposta do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data de 7 maio de 2026.



Por todo o exposto, en base aos antecedentes, normativa aplicable e fundamentos de dereito e a súa motivación razoada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aceptar as renuncias presentadas polas entidades colaboradoras que se relacionan no anexo I e liberar o gasto pola cantidade total de 98.400,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/240.2410.489.00.
- 2.- Aprobado a relación de entidades colaboradoras que incorran en incumprimento dalgún dos requisitos ou condicións contemplados nas bases e no acordo de concesión (Anexo II), polo que nestes casos tramitárase o oportuno expediente de incumprimento.
- 3.- Publicar o acordo no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.

Ditos anexos son como seguen:

ANEXO I

RELACIÓN DE RENUNCIAS A CONTRATOS FORMATIVO DA SUBVENCIÓN E IMPORTE A LIBERAR POR CONTRATO

Cod. Expediente	NIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Duración max	Máximo subvencionado
2025063161	P3604500C	Redondela	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano	16.800,00 €
2025063163	P3604500C	Redondela	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano	16.800,00 €
2025063033	P3603200A	Moraña	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €	1 ano	14.400,00 €
2025063165	P3604600A	Ribadumia	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano	16.800,00 €
2025063167	P3605000C	Salvaterra do Miño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano	16.800,00 €
2025063166	P3605000C	Salvaterra do Miño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano	16.800,00 €
Total							98.400,00 €



ANEXO II

RELACIÓN DE CONCELLOS QUE INCUMPREN REQUISITOS E CONDICIÓN

Cod. Expediente	NIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Duración max	Máximo subvencionado
2025062977	P3602300J	A Guarda	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano	16.800,00 €
2025062981	P3602300J	A Guarda	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano	16.800,00 €
2025063156	P3604200J	Ponteareas	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano	16.800,00 €
2025063157	P3604200J	Ponteareas	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000,00 €	1 ano	12.000,00 €
2025063023	P3602700A	Meaño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €	1 ano	16.800,00 €
TOTAL							79.200,00 €

37.37168.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA A LEGALIZACIÓN DAS TRAÍDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +NOVAQUA 2025) DA COMUNIDADE DE AUGAS PARA USO DOMÉSTICO DE TORROSO, DO CONCELLO DE MOS. (Expte: 2025015054)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (Programa +NOVAQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.



Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 6.35602 de data 12/09/2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan +NOVAQUA 2025, por importe de 3.133,90 euros á comunidade de augas para uso doméstico de Torroso co obxecto do financiamento do investimento “legalización novo pozo” (expediente: 2025015054), en base a un orzamento polo mesmo importe.

Terceiro.- En data 30/03/2026 mediante rexistro WEB2026025818 renuncia formalmente á subvención concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (programa +Novaqua 2025)*

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente:

- *Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.*
- *Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.*
- *Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*



- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrante que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 3 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento, agás que, personándose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.



CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 30/03/2026, a comunidade de augas para uso doméstico de Torroso, do concello de Mos con CIF G36119469 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026025818) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (programa +Novaqua 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

1º.- Aceptar a renuncia da comunidade de augas para uso doméstico de Torroso, do concello de Mos con CIF G36119469, á subvención concedida de 3.133,90 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (programa +Novaqua 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 3.133,90 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.489.07.25.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 31/03/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 04/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de augas para uso doméstico de Torroso, do concello de Mos con CIF G36119469, á subvención concedida de 3.133,90 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025).



2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 3.133,90 € previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.489.07.25.

38.37169.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE AUGAS PARA USO DOMÉSTICO DE TORROSO, DO CONCELLO DE MOS. (Expte.2025015318)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de “concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)”, a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).

Terceiro.- Á Comunidade de augas para uso doméstico de Torroso, do concello de Mos con CIF G36119469, concedéronselle 10.000,00 euros. Sen embargo, en data 30/03/2026 mediante rexistro WEB2026025818 renuncia formalmente á subvención concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).



- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrance que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.



Resolución do expediente:

- *Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.*
- *Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.*
- *Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.*
- *Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.*
- *Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.*
- *Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.*
- *Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.*
- *Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.*
- *O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluído o procedemento, agás que, personándose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.*
- *O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.*

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 30/03/2026, a Comunidade de augas para uso doméstico de Torroso, do concello de Mos con CIF G36119469 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026025818) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).



Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de augas para uso doméstico de Torroso, do concello de Mos con CIF G36119469, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 31/03/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 04/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1. Aceptar a renuncia da Comunidade de augas para uso doméstico de Torroso, do concello de Mos con CIF G36119469, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).*
- 2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.*



39.37170.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS E DANOS MATERIAIS A CONSECUCENCIA DUNHA CAÍDA NA BEIRRARRÚA NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR. (Expte.2025058270)


Dada conta que con data 20/08/2025 (núm. rex. 2025016274), o Concello de Soutomaior trasladou a esta Deputación –por tratarse dunha vía de titularidade provincial– a reclamación de responsabilidade patrimonial subscrita por D.^a María del Pilar González Lourido, por lesións e danos materiais producidos a consecuencia dunha caída, o día 24/06/2025, ó tropezar cunha esquina dun desnivel existente entre a beirarrúa da Estrada de Soutomaior (E.P. 2908) e a entrada dunha finca, non sendo cuantificado economicamente o importe total reclamado.

Resultando.- Que constan, xunto coa documentación aportada pola reclamante, as seguintes fotografías nas que sinala o punto no que tivo lugar a caída:



Resultando.- Que con data 08/09/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 02/02/2026, co seguinte contido:

Primeiro.- A estrada EP-2908 ARCADE-AMOEDO pertence á rede provincial de estradas.



O accidente tivo lugar entornao ao punto quilométrico PK 0+990 (marxe esquerda) desta estrada provincial.






Foto do visor de Google Earth

Segundo.- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado como causa do accidente nese punto polo que o servizo non foi informado previamente da incidencia.

Terceiro.- Realizada a inspección "in situ" por parte do vixiante responsable da zona pódese comprobar que o resalto descrito non forma parte da beirarrúa senón do acceso particular existente no punto sinalado.

INFORME VISITA DE INSPECCION

VIXIANTE: DANIEL MEAÑO CORES

SOLICITANTE	MARIA DEL PILAR GONZALEZ LOURIDO				
ESTRADA:	EP-2908 ARCADE - AMOEDO				
CONCELLO:	SOUTOMAIOR	PO	0-990	MARXE:	M.I
NÚM. INFORME:	2025058270				
INFORME RELACIONADO:					
INFORME DA OBRA					
<p>REALIZADA VISITA AL PUNTO DEL ACCIDENTE, OBSERVO QUE SE ENCUENTRA UN SOBRESALTO EN LA PARTE BORMIGONADA DEL ACCESO A LA PARCELA, EN LAS VALDOSAS NO SE OBSERVA ANOMALIA NINGUNA.</p> <p>CONSULTADO PARTE DE ACCIDENTES DE LA EP-2908 EN ESE DIA NO CONSTAN DATOS.</p>					
PONTEVEDRA A, 30 DE OCTUBRE DE 2025					





Segundo o recollido no Regulamento de Estradas de Galicia:

“A conservación e mantemento do acceso, incluso na parte incorporada ao dominio público viario, coa excepción daqueles elementos que formen parte do tronco da estrada, como glorietas e carrís centrais de espera, corresponderalle á persoa titular da autorización”.

Cuarto.- Por último cabe destacar que, e á vista das fotos que se achegan, entendemos que o obstáculo era visible e rebasable. A profundidade aproximada da plaqueta levantada é inferior a 2 cm.



*María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV do Título Preliminar, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido polos seguintes argumentos que se desprenden do expediente:

- Non se tivo coñecemento da existencia de ningún desperfecto na beirarrúa sinalada.
- Na inspección realizada polo vixiante responsable da zona, comproba que **o resalto descrito non forma parte da beirarrúa**, senón dun **acceso particular** a unha parcela.



Nas baldosas **non observa ningunha anomalía.**

- A profundidade aproximada da plaqueta levantada é **inferior a 2 centímetros**, polo que **non ten a entidade suficiente para supoñer un risco.**
- Tal e como se aprecia nas fotografías achegadas, **o desperfecto atópase na zona formigonada de acceso a unha parcela** (de **cor distinta** ó resto da beirarrúa), o que fai que sexa perfectamente visible de manterse a atención adecuada na deambulación.
- Manifesta a reclamante na súa instancia que o tropezo se produciu cando realizaba a súa **ruta diaria pola Estrada de Soutomaior**, polo que era perfectamente **coñecedora do lugar.**
- **Existía mais espazo na beirarrúa para pasar**, evitando o desperfecto.
- **Non houbo mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada** que, posuíndo o control da situación, non foi quen de evitar a caída; así, nas inmediacións do lugar atópase o **IES Soutomaior**, sendo unha zona transitada por numerosos viandantes, o que evidencia que o desperfecto pode ser salvado no deambular normal dunha persoa.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan *ad exemplum*:

“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.



- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do TSXG de 3 de abril de 2013, que citando anteriores sentenzas de 29 de febreiro e de 9 de maio de 2012, expresa que:

“La vía pública no está exenta de peligros para el peatón (...) en el presente caso, el obstáculo que se dice originador de la caída no parece susceptible de originarla sin el actuar desatento de la víctima o, en su caso, un tropiezo fortuito o debido a su edad... no parece que la diferencia de nivel de la loseta con la que tropezó la recurrente (de 2, 3 ó 4 cms.) pueda entenderse que vulnera los estándares de seguridad exigible, la diferencia de nivel es mínima y tolerable y en consecuencia no fue ese desnivel la causa eficiente de la caída”.

- Sentenza do TSXG de 14 de abril de 2021 que recolle o que sigue:

“... Con carácter general, una caída derivada de un tropiezo en un obstáculo de dimensiones insignificantes o visibles entraña un daño no antijurídico, que debe soportar el administrado desde el mismo momento que participa del servicio público de aceras o calzada, porque no se puede pretender que la totalidad de aceras o calzadas de un casco urbano se encuentren absolutamente perfectas en su conservación y rasante (mayormente en el actual momento económico, con escasez de recursos), estando a cargo de quien lo sufre el daño que se produce como consecuencia de los riesgos generales de la vida inherentes al comportamiento humano, debiendo soportar los riesgos de una eventual falta de atención o cuidado en la deambulación por lugares de paso, como indican las sentencias del T.S. de 17/07/2003 y 22/02/2007, toda vez que la vida pública no está exenta de peligros para el peatón y si cualquier bache, desconchado, humedad, pendiente... se entiende causa eficiente para la producción del daño se estaría convirtiendo a la Administración (normalmente la Local) en aseguradora universal de todo evento dañoso, el obstáculo que se dice originador de la caída no parece susceptible de originarla sin el actuar desatento de la víctima, tropiezo fortuito, condiciones psicofísicas de la accidentada..., y, aún con deficiente conservación de la acera o calzada por la Administración, el necesario autocontrol de la deambulación excluye la responsabilidad de la Administración en los casos en que el desperfecto u obstáculo fuera fácilmente aplicable o conocido por el peatón por ser persona con vinculación en la zona o de mínima entidad que impida apreciar su capacidad para ocasionar daños en condiciones normales”.

- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.



- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...) Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que Mª. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide



tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian os Xulgados de Pontevedra nas sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a Sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra; así como a Sentenza 123/23 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Vigo, ó sinalar o seguinte:

“... Sin embargo, esas irregularidades del pavimento, esos defectos de las losetas sobre el que se funda la imputación de responsabilidad patrimonial a la Administración debe considerarse en cabal aplicación de la doctrina anteriormente reseñada, como una irregularidad de la calzada banal o insignificante, como un riesgo inexistente, no cualificado e irrelevante en relación con el control normal del propio deambular, razón por la que el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado de la peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que, desde esta perspectiva, no puede calificarse de antijurídico (...) El siniestro se produjo en horas diurnas (...) en nuestro caso, las deficiencias de la vía pública, en los términos que han sido descritas, no puede concluirse que superen, por su naturaleza y riesgo inherentes, los estándares medios que el ciudadano debe soportar.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer recurso, tanto na vía administrativa coma na orde contenciosa; o que por outra banda, e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica da Deputación.

Considerando.- Que atopándose o desperfecto na zona formigonada de acceso a unha parcela -a cuxo titular corresponde a súa conservación e mantemento- podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle a hipotética responsabilidade no eido da xurisdición civil.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



40.37171.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE MEIS. (Expte. 2025060609)

Dada conta que con data 03/09/2025 (núm. rex. 2025017164) recibíuse nesta Deputación solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.^a Julia M.^a Gómez Torres, por danos no seu vehículo ocasionados, segundo manifesta, entre as 8:30 horas e as 9:30 horas do día 02/09/2025, por un tractor pertencente á Deputación de Pontevedra que estacionou diante do mesmo no Lugar de A Goulla nº 36 B, no Concello de Meis, e que ó manobrar impactou contra a defensa dianteira do citado vehículo, ocasionándolle a súa rotura, sen aportar cuantificación económica dos danos reclamados.

Resultando.- Que con data 03/09/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 15/12/2025, co seguinte contido literal:

Primeiro.- A estrada 9508 A GOULLA PORRÁNS pertence á rede provincial de estradas.



O incidente recollido na reclamación está situado no punto quilométrico 3+250 (m.d.) desta estrada provincial.



Segundo.- Unha vez recibida a reclamación compróbase que en efecto o SERVIZO DE CONSERVACIÓN ORDINARIA DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (ZONA CENTRO) estaba a realizar o desbroce nesa estrada na data sinalada.

O maquinista responsable da desbrozadora ponse en contacto coa interesada e, á vista dos danos reflectidos nas fotos que se achegan, afirma que non poden ser a causa das maniobras de estacionamento do tractor da Deputación.

Afirma que esta máquina estacionou do lado contrario aos danos no vehículo e son incompatibles cos traballos executados. Ofreceuse a demostralo in situ á propietaria do mesmo no caso de ser necesario.

Polo recollido nos parágrafos anteriores, non é responsabilidade deste servizo atender a petición de indemnización por danos solicitada.

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 26/01/2026, comparece nas dependencias da Asesoría Xurídica da Deputación D. Diego Serantes Abal, condutor maquinista do Parque de Maquinaria, que manifesta o seguinte ao respecto da reclamación presentada:

“El día 02/09/2025, estacioné el tractor matrícula E1767BCF detrás del vehículo de la reclamante, por lo que los daños en la parte delantera del vehículo no se corresponden con la maniobra realizada para retirar el tractor del lugar. Además, la zona dañada en el vehículo que se muestra en las fotografías resulta incompatible con la altura de la desbrozadora del tractor, ya que, de impactarse contra el vehículo, la zona dañada sería en una parte superior del vehículo y no debajo de la matrícula.

De todos modos, la zona dañada en la parte delantera del coche no fue causada por el tractor, ya que –como dije– estaba estacionado detrás del vehículo”.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de lexitimación activa e pasiva e temporalidade, descritos nos artigos 67, en relación co 66, 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que tal e como se recolle no informe do Servizo de Infraestruturas e se relata polo propio maquinista responsable da desbrozadora, **os danos na parte dianteira do vehículo son incompatibles coa manobra realizada xa que estaba estacionado detrás do vehículo**, manifestando, asemade, que **de impactar** a desbrozadora do tractor *contra o vehículo, a zona danada sería nunha parte superior do vehículo e non debaixo da matrícula.*



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que ***“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”***.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

41.37172.- COMUNICACIÓN.

Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de asesoría xurídica desta Deputación:

SENTENZAS FAVORABLES

INFRAESTRUCTURAS

1. SENTENZA DA SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA PRAZA NÚM. 2 DE PONTEVEDRA, DITADA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 362/25, PROMOVIDO POLA MERCANTIL HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA DE SEGUROS, S.A., CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS NO TERMO MUNICIPAL DE SALVATERRA DE MIÑO (Expte. 2025079079)

Dada conta que con data 18 de marzo de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 2 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 362/25, promovido pola mercantil *Helvetia Compañía Suiiza de Seguros, S.A.*, contra o acordo da Xunta de Goberno de data 19/12/2025 que desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola demandante por danos causados na propiedade asegurada pola autora, titularidade de *D^a. María Isabel Álvarez Rodríguez*, sita no Barrio Luz, subida Tabueja, nº 13, Meder (na E.P. 4101) producidos o día 19/12/2023, por unha maquina desbrozadora, que golpeou o muro de peche da propiedade asegurada causando o derrumbe parcial do mesmo –aproximadamente 10 metros- cara o interior da finca, cuantificados na cantidade de 10.800,00 €) na que se desestima a demanda sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado *D. José Ángel Maquieira Rodríguez*.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



RECURSOS HUMANOS

2. SENTENZA DA SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA PRAZA NÚM. 2 DE PONTEVEDRA, DITADA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO N° 292/25, PROMOVIDO POR D^a. BEATRIZ ABREU CASTIÑEIRA, SOBRE MATERIA DE PERSOAL (Expte. 2025069997)

SENTENZAS PARCIALMENTE FAVORABLES

Dada conta que con data 14 de abril de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 2 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado n° 292/25, promovido por D^a. Beatriz Abreu Castiñeira, fronte á resolución de data 07/07/2025 que desestimou o recurso de alzada formulado pola recorrente fronte aos acordos do tribunal cualificador con relación ao segundo exercicio do proceso selectivo para cubrir catro prazas de auxiliar de administración xeral, subescala auxiliar, vacantes no cadro de persoal funcionario (convocadas por BOPPO de data 17/04/2024) e petición de suspensión cautelar, no seo do expediente 2025041726, fronte á resolución de data 21/07/2025 que desestimou o recurso de reposición presentado pola demandante fronte á publicación dos nomeamentos das prazas ofertadas (BOPPO de data 20/06/2025) con desestimación da petición de suspensión cautelar, no seo do expediente 2025047617, na que se desestima a demanda sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou á empresa *Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

INFRAESTRUCTURAS

3. SENTENZA DA SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA PRAZA NÚM. 3 DE PONTEVEDRA, DITADA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO N° 180/25, PROMOVIDO POR D. BERNARDINO NÚÑEZ RIVAS, CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA (Expte. 2025043446)

Dada conta que con data 20 de abril de 2026 tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 2 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado n° 180/25 promovido por D. Bernardino Núñez Rivas, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos como consecuencia de introducir a roda dianteira da súa bicicleta nun socavo no P.K. 0+500 da E.P. 0002 de Pontevedra a Figueirido, no lugar de Lusquiños, no termo municipal de Pontevedra, cuantificados na cantidade de 1.165,76 €) na que se desestima parcialmente a demanda fixando como indemnización total a cantidade de 600,00 €, mais os xuros legais a contar dende a data da reclamación en vía administrativa, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado D. Víctor Manuel Prieto Cervera-Mercadillo, que non pode interpor recurso ordinario algún por razón da contía.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



42.37173.- FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acordou incluír na orde do día o seguinte asunto para o seu coñecemento, existindo informe previo xustificando a mesma:

1. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O CAMPO LAMEIRO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026 E 2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO DE CARACTER BIANUAL “PROXECTO TÉCNICO PARA AS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO ENTORNO DO CENTRO DE ESTANCIA DE O CAMPO LAMEIRO” (Expte. 2026019271)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- Con data 13/03/2026, mediante rexistro WEB2026019685, o Concello de O CAMPO LAMEIRO achega o borrador do convenio de colaboración entre a entidade municipal e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia para acometer as obras consistentes na urbanización do entorno do centro de estancia do Concello de O CAMPO LAMEIRO, no que o Concello se compromete a realizar a achega do 49 % do importe total con distribución en dúas anualidades 2026 e 2027.

O borrador do convenio de carácter bienal distribúe o financiamento do acordo coa seguinte táboa:

ANUALIDADE	IMPORTE	XUNTA (51 %)	ACHEGA CONCELLO (49 %)
2026	232.692,30€	118.673,07€	114.019,23€
2027	232.692,30€	118.673,07€	114.019,23€
TOTAL	465.384,60€	237.346,14€	228.038,46€



- Na mesma data e rexistro, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de O CAMPO LAMEIRO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención, por importe de 228.038,46 euros, (distribuída en dúas anualidades correspondendo 114.019,23 á anualidade 2026 e 114.019,23 euros á anualidade 2027) co obxecto do financiamento da **achega municipal do exercicio 2026 e 2027** ao convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia e o Concello de O CAMPO LAMEIRO para a actuación “PROXECTO TECNICO PARA AS OBRAS DE URBANIZACION DO ENTORNO DO CENTRO DE ESTANCIA DE O CAMPO LAMEIRO”, quedando configurada a súa petición tal e como se indica na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2026-2027	XUNTA-CONSELLERIA
2026	232.692,30€	114.019,23€	118.673,07€
2027	232.692,30€	114.019,23€	118.673,07€
TOTAL	465.384,60€	228.038,46€	237.346,14€

- O orzamento total de 465.384,60 euros financia 450.067,18 euros de execución de obra, 6.807,74 euros de honorarios de dirección de obra, 6.807,74 euros de honorarios de dirección de execución e 1.701,94 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- O concello emenda a documentación achegada en datas posteriores.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.



- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª no seu punto 2-2º establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola



Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica. Así mesmo, no caso dos investimentos plurianuais, o investimento pode estar adxudicado.

- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que no caso dos convenios coa Deputación ou con outras Administracións Públicas nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello quedará exento da aprobación do proxecto técnico.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 21/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e o informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de O CAMPO LAMEIRO, CIF: P3600700C, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 228.038,46 euros, distribuída en dúas anualidades, correspondendo 114.019,23 euros á anualidade 2026 e 114.019,23 euros á anualidade 2027, co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2026 e 2027 ao convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas e o Concello de O CAMPO LAMEIRO para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación “PROXECTO TECNICO PARA AS OBRAS DE URBANIZACION DO ENTORNO DO CENTRO DE ESTANCIA DE O CAMPO LAMEIRO” (exp.: 2026019271), cuxo orzamento ascende a 465.384,60 euros (anualidade 2026 e 2027), quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2026-2027	XUNTA- CONSELLERIA
2026	232.692,30€	114.019,23€	118.673,07€
2027	232.692,30€	114.019,23€	118.673,07€
TOTAL	465.384,60€	228.038,46€	237.346,14€



O orzamento total de 465.384,60 euros financia 450.067,18 euros de execución de obra, 6.807,74 euros de honorarios de dirección de obra, 6.807,74 euros de honorarios de dirección de execución e 1.701,94 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

- A concesión desta subvención queda condicionada a aprobación do convenio entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de O CAMPO LAMEIRO.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 na que existe crédito para facer fronte á anualidade 2026 e para o que se emitiu o correspondente documento RC. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O investimento subvencionado (anualidade 2027), deberá estar executado o 31/12/2028 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2029. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de O CAMPO LAMEIRO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

43.37174.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Vicesecretaria que dou fe.

